

PROGRAMACIÓN

XERAL

ANUAL

CEIP EDUARDO PONDAL
Curso 2016-2017

ÍNDICE

DATOS DO CENTRO 4

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2016-2017 5

 OBXECTIVOS DO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL 5

 OBXECTIVOS DO 1º CICLO DE PRIMARIA 8

 OBXECTIVOS DO 2º CICLO DE PRIMARIA 8

 OBXECTIVOS DO 3º CICLO DE PRIMARIA 8

EXTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE 10

CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA 2016/2017 23

PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DO EQUIPO DIRECTIVO 26

PROXECTO DINAMIZACIÓNS 2016-2017 31

XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO 33

QUENDAS DE VIXILANCIA DOS RECREOS 34

PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS 35

PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA 36

PLAN DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA 38

LIBROS DE TEXTO E DE MAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO 43

PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ... 46

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO 49

PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE 49

PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA 50

PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR 50

REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR ESCOLAR 52

PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO 54

PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA 54

PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO 54

ANEXOS 57

 Anexo I: PROXECTO EDUCATIVO 57

 Anexo II: PROXECTO LINGÜÍSTICO 101

 Anexo III: REGULAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR 106

 Anexo IV: PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TICS 115

Anexo V: PROGRAMAS E PLANS ANUAIS DE LECTURA..... 121

DATOS DO CENTRO

DENOMINACIÓN	CEIP EDUARDO PONDAL
CÓDIGO DO CENTRO	15013291
CIF	Q6555058D
DIRECCIÓN	A TRABE 15110 PONTECESO
TELÉFONO	881880934
FAX	881880935
E-MAIL	ceip.pondal.ponteceso@edu.xunta.es
WEB	www.edu.xunta.es/centros/ceippondalponteceso/

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2016-2017

OBXECTIVOS DO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

1. Formarse unha imaxe axustada e positiva de si mesmo/a a través da interacción cos outros e da identificación gradual das propias características, posibilidades e limitacións, desenvolvendo sentimentos de autoestima e acadando unha maior autonomía persoal.
2. Coñecer e representar o seu corpo, os seus elementos e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
3. Dominar a coordinación e o control dinámico do propio corpo, afianzando as nocións básicas de orientación no espazo e a propia lateralidade.
4. Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, e ser quen de denominalos, expresalos e comunicarllos aos demais.
5. Desenvolver a capacidade de empatía, identificando e respectando os sentimentos, emocións e necesidades dos demais.
6. Mostrar iniciativa e unha autonomía cada vez maior na realización de tarefas sinxelas ou na resolución de problemas da vida cotiá, aceptando as pequenas frustracións e tratando de superar as dificultades que se presentan, reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo quen de solicitar axuda.
7. Adecuar o seu comportamento ás necesidades e aos requirimentos dos outros, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración e evitando comportamentos de submisión ou dominio.
8. Ter unha actitude de respecto cara ás características e calidades dos demais e valoralas, sen actitudes de discriminación en relación con calquera rasgo diferenciador, xa sexa de idade, sexo, etnia, cultura, personalidade, características físicas...
9. Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, a alimentación e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.
10. Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.
11. Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto ás demais

persoas, a aceptación das regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.

ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO

1. Observar e explorar de forma activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e amosando interese polo seu coñecemento.

2. Observar os cambios e modificacións que experimentan os elementos do seu contorno e relacionalos cos factores que os producen, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade na súa conservación.

3. Iniciarse na formulación de hipóteses, buscando respostas e explicacións a feitos do medio natural, social e cultural.

4. Relacionarse cos demais de xeito cada vez máis equilibrado e satisfactorio, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.

5. Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida, xerando actitudes de confianza, respecto e aprecio.

6. Coñecer e valorar algúns elementos propios da tradición e da cultura galega.

7. Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e as súas calidades, e establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.

8. Empregar o coñecemento matemático para comprender situacións e resolver problemas da súa vida cotiá.

ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

1. Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de representación, de aprendizaxe, de gozo e de expresión de ideas e sentimentos.

2. Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais (silencios, miradas, xestos...) como elementos xenuínos da comunicación humana.
3. Iniciarse nos usos sociais da lectura e da escritura, explorando o seu funcionamento e valorándoas como instrumentos de comunicación, información e gozo.
4. Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos, con diferentes interlocutores/as e en diversidade de contextos, valorando a linguaxe como ferramenta de relación cos demais, de regulación da convivencia e de aprendizaxe.
5. Comprender as intencións comunicativas doutros nenos, nenas e adultos, adoptando unha actitude positiva cara ás linguas, tanto propias coma estranxeiras.
6. Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula, e amosar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.
7. Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos.
8. Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios, amosando actitudes de valoración, gozo e interese cara a eles.
9. Valorar a biblioteca como fonte de información e facer uso da mesma.
10. Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes e realizar actividades de representación e expresión artística mediante o emprego de diversas técnicas, avanzando no desenvolvemento da súa creatividade.
11. Desenvolver o sentimento de autoconfianza nas producións artísticas persoais, respectando e valorando tanto as propias como as dos demais.
12. Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TICs como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.

OBXECTIVOS DO 1º CICLO DE PRIMARIA

1. Fomentar o coidado e o respecto polo contorno natural adquirindo unha conciencia medio - ambiental axeitada.
2. Promover vías non violentas para a resolución de conflitos.
3. Fomentar o uso de hábitos de hixiene básicos e alimenticios saudables dentro e fóra da escola.
4. Integrar o emprego das novas tecnoloxías TICs, como ferramenta de comunicación e traballo.
5. Consolidar o hábito lector dentro e fóra da escola.

OBXECTIVOS DO 2º CICLO DE PRIMARIA

1. Fomentar a adquisición do hábito lector.
2. Inculcar hábitos de educación, respecto e convivencia entre todos os membros da comunidade educativa.
3. Continuar co emprego das tecnoloxías da información.
4. Fomentar actividades que favorezan o desenvolvemento do razoamento lóxico.
5. Inculcar hábitos de respecto polo medio ambiente.

OBXECTIVOS DO 3º CICLO DE PRIMARIA

1. Fomentar nos alumnos/as hábitos de traballo, técnicas de estudo e introdución nas novas tecnoloxías para capacitalos a “aprender a aprender”.
2. Mellorar a expresión e comprensión oral e escrita como medio de comprender aos demais e manifestar as propias ideas e sentimentos.
3. Coñecer e valorar o seu entorno natural, social e cultural, tomando conciencia da influencia que as accións dos alumnos/as teñen nel.
4. Comprender o funcionamento global do corpo humano e valorar a importancia do seu coidado para a saúde.
5. Desenvolver as competencias básicas matemáticas que lle permiten resolver problemas da vida cotiá usando as operacións fundamentais.

CONCRECIÓN ANUAL E MODIFICACIÓNS DO PE

PE : Anexo I

Addendas ao PE:

1.3.- ELEMENTOS PERSOAIS

1.3.1. Persoal docente

- 3 titores de Educación Infantil.
- 8 titores de Educación Primaria.
- Unha especialista en Educación Musical.
- Dous especialistas en Educación Física.
- Dous especialistas en Filoloxía Inglesa.
- Un especialista en Filoloxía Francesa.
- Unha especialista de Audición e Linguaxe.
- Unha especialista de Pedagogía Terapéutica.
- Unha orientadora compartida co CEIP As Forcadas de Corme e o CRA Nosa Señora do Faro de Ponteceso.
- Unha mestra de Relixión Católica compartida co CEIP As Forcadas de Corme.
- Un mestre de apoio a Educación Infantil.

1.3.2. Persoal A.T.E. (Auxiliar Técnico Educativo)

- Unha Auxiliar Técnica Educativa.

1.3.3. Persoal non docente

- Conserxe: persoal do concello encargado dos servizos de mantemento do centro, reprografía, ...
- Servizo de limpeza dependente do concello: desenrolan a súa actividade cando remata a xornada lectiva excepto no tempo do comedor escolar no que unha das limpadores encárgase de manter limpos os sanitarios que o alumnado emprega durante o tempo da comida.
- Unha cociñeira e dúas axudantes de cociña que atenden o comedor escolar.

1.3.4. Alumnado

Para o presente curso 2016/2017 o CEIP Eduardo Pondal conta con 205 alumnos que se distribúen como segue:

- 25 en 4º de EI
- 9 en 5º de EI
- 17 en 6º de EI
- 18 en 1º de EP
- 15 en 2º de EP
- 31 en 3º de E.P
- 30 en 4º de E.P
- 28 en 5º de EP
- 32 en 6º de EP

EXTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE

1. INTRODUCCIÓN

A) Xustificación baseada no contexto

No curso 2016-2017, este Departamento de Orientación atenderá a tres centros: o CEIP Eduardo Pondal de Ponteceso, o CEIP As Forcadas de Corme e o CRA Nosa Señora do Faro de Ponteceso.

O ámbito de actuación do presente plan de orientación é o CEIP Eduardo Pondal.

O centro está situado en Ponteceso, na rúa Trabe s/n. O centro funciona en réxime de xornada partida de 9.30 a 13:00 e de 15:00 a 16.30, e conta cos servizos complementarios de transporte e comedor.

O colexio ten tres unidades de Educación Infantil e 10 unidades de Educación Primaria. O claustro está composto por 22 profesores, o alumnado procede das diversas poboacións que compoñen o concello de Ponteceso: Ponteceso, Anllóns, Tella, Tallo,

Cores, Cospindo, Niñóns, Nemeño, Brantuas, Xornes, e Pazos. En xeral, podemos dicir que o nivel socioeconómico das familias da zona é medio-baixo.

Un dato a destacar do centro é o feito de que acolle a nenos previamente escolarizados no CRA “Nosa Señora do Faro”. Neste centro están escolarizados nenos e nenas de Educación Infantil e do primeiro ciclo de Educación Primaria, polo que, aos oito anos, o máis tardar, os nenos e nenas destas escolas pasan a formar parte da comunidade educativa do noso colexio, motivo polo cal, é necesario que exista unha axeitada coordinación entre ambos centros, sempre baixo consentimento dos pais e nais.

De acordo coa lexislación vixente elabórase o presente Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación para os centros mencionados no parágrafo anterior, co que se pretende organizar a orientación dos mesmos para o presente curso académico.

B) Normativa de referencia

- Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación (LOE). (BOE, 4 de maio de 2006) modificada pola Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).(BOE,10 de decembro de 2013)
- Decreto 120/98, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro (DOG do 26/02/2004)
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.

- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.
- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do curriculum nas ensinanzas de réxime xeral.
- Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.

2.- OBXECTIVOS

2.1.- Obxectivos xerais

- Contribuír ó desenvolvemento da personalidade integral dos alumnos/as.
- Asesorar e orientar ó alumnado, profesorado e familias para a mellora da calidade no ensino.

2.2.- Obxectivos específicos

- Deseñar accións encamiñadas á prevención de problemas de desenvolvemento e/ou de aprendizaxe.
- Valorar as necesidades educativas dos alumno/as (dificultades e/ou trastornos de aprendizaxe, baixo rendemento escolar, sobre dotación, trastornos de conduta, grupos de risco,...) e deseñar programas específicos de intervención.
- Contribuír á posta en práctica de pautas de actuación para mellorar a autoestima dos alumnos/as que o necesiten.

- Coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico ás actividades de orientación e tutoría.

- Fomentar a colaboración, o seguimento, avaliación e revisión do Plan de Acción Titorial, como instrumento dunha educación de calidade. Polo tanto, deseñaremos dentro do Plan de Acción Titorial, programas e accións que incidan na aprendizaxe dos valores propios dunha sociedade participativa e democrática favorecedores dun clima de convivencia e de respecto entre as persoas e as culturas.

- Contribuír a que os alumnos/as adquiran hábitos de estudo e traballo.

- Facilitar á comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesarios para que os alumnos/as estean en todo momento integrados no centro. Prestarase especial atención ós períodos escolares de maior dificultade (conflitos de relación interpersoal, ingreso no centro e cambio de curso).

- Participarse no seguimento do Proxecto Educativo incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade e, cando sexa necesario, na adecuación dos criterios de promoción.

- Contribuír á colaboración entre o Departamento e os centros adscritos e tamén entre o Departamento e o IES de referencia.

- Dinamizar e crear medidas que incidan na mellora da convivencia no centro e na promoción de condutas tolerantes.

- O emprego das tecnoloxías da información e da comunicación no campo da orientación e do asesoramento.

- Facilitar a integración no centro do posible alumnado procedente do estranxeiro así como a súa familia.

3.- PLANIFICACIÓN XERAL E IDENTIFICACIÓN DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS

A planificación xeral de actividades do Departamento de Orientación irá encamiñada ós seguintes principios de actuación:

3.1.- Principio de actuación

- **Prevención:** reducir o índice das novas dificultades, implica traballar para anticiparse a elas, desenvolvendo unha actuación pro activa.
- **Desenvolvemento:** conseguir o máximo desenvolvemento de tódalas potencialidades dos alumnos/as considerando ó individuo en continuo proceso de desenvolvemento persoal.
- **Universalidade:** actuación dirixida a tódolos alumnos/as, aínda que adaptada ós distintos niveis.
- **Cooperación:** articular un traballo conxunto e coordinado de tódolos axentes implicados.
- **Demanda:** elaboraranse programas de intervención na medida en que sexan sentidos como necesidades pola comunidade educativa.

3.2.- Ámbitos de intervención

3.2.1.- Mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe

- Avaliar o desenvolvemento de capacidades xerais como motivación, atención, memoria, razoamento e creatividade de todo o alumnado.
- Avaliar o desenvolvemento de capacidades específicas como comprensión lectora e resolución de problemas.

3.2.2.- Atención á diversidade

- Realizar as avaliacións psicopedagógicas que soliciten os profesores/as tutores/as, e a orientadora considere necesarias.
- Asesorar as adaptacións curriculares que decida elaborar o equipo educativo dos alumnos/as.
- Realizar os resúmenes finais de etapa dos alumnos/as con necesidades.

- Actualizar os informes psicopedagóxicos dos alumnos/as que se considere que necesitan unha adaptación curricular significativa.

- Prestar apoio ó profesorado de E.I durante o período de adaptación dos nenos de nova incorporación ó centro .

3.2.3.- Funcionamento do Departamento de Orientación

- Establecer normas de funcionamento (horario de reunións, periodicidade...) e procedementos de actuación.

- Establecer criterios, a través de reunións no Departamento sobre:

- Solicitudes de avaliacións psicopedagóxicas.
- Organización de reforzos educativos.
- Organización de apoios.
- Alumnos/as que deben acudir á aula de apoio.
- Elaboración de informes psicopedagóxicos.

3.2.4.- Apoio á acción titorial

- Colaborar na realización do Plan de Acción Titorial (PAT).

- Facilitar material de apoio para o desenvolvemento persoal, académico e profesional de tódolos alumnos/as.

- Establecer accións de intervención en técnicas de traballo intelectual que se poidan abordar dende tódalas áreas para mellorar a comprensión lectora.

3.2.5.- Intervención na comunidade

- Facilitar a colaboración da familia no proceso ensino-aprendizaxe.

- Coordinar a intervención das distintas institucións que inciden na atención á diversidade.

- Proporcionar información ó profesorado sobre programas de intervención que cubran as necesidades educativas.

- Orientar ós pais/nais para que faciliten o desenvolvemento persoal e académico dos alumnos/as con necesidades educativas.

3.3.- Definicións de accións prioritarias

- Elaboración de documentos para o Departamento: fichas de recollida de datos, solicitudes de avaliación, seguimento de adaptacións curriculares...

- Elaboración de probas pedagóxicas para avaliar a competencia curricular e detectar dificultades e retrasos no proceso de ensino-aprendizaxe.

- Valoración psicopedagóxica e seguimento dos alumnos/as que asisten ás clases de Pedagogía Terapéutica ou de Audición e Linguaxe.

- Valoración psicopedagóxica dos alumnos/as propostos polo profesorado, que poidan presentar necesidades educativas.

3.4.- Actividades para o presente curso

3.4.1.- Con relación ós alumnos/as

- Realización das avaliacións psicopedagóxicas prioritarias.

- Realización das avaliacións iniciais do alumnado.

- Aplicar unha proba só para ós alumnos de E.I. de cinco anos, que o precisen, será unha "Batería de Aptitudes Diferenciais e Xerais" a nivel gráfico a fin de comprobar o grao de adquisición de conceptos á hora de ter que enfrontarse no vindeiro curso ó proceso lectoescritor.

- Realización de informes individuais de todo o alumnado, que finaliza o 6º curso de primaria no centro.

- Xornada de acollida ás familias dos novos alumnos/as que inician a etapa de educación infantil no noso centro no curso 2016-2017.

3.4.2.- Con relación ós profesores

- Elaboración do Plan Anual do Departamento de Orientación.
- Revisión do documento de avaliación inicial para os alumnos de E.I de tres anos co fin de efectuar os cambios que se consideren necesarios.
- Avaliación e seguimento dos alumnos/as con necesidades educativas.
- Coordinar o seguimento dos programas de reforzo deseñados para alumnos/as con necesidades.
- Coordinar, en colaboración cos profesores/as implicados, o seguimento das ACS elaboradas.
- Reunións cos titores/as e cos especialistas de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe para organizar os apoios, así como tamén o posterior seguimento dos mesmos.

3.4.3.- Con relación ós pais/nais

- Asesorar ós pais/nais (sempre que sexa necesario) sobre aspectos relacionados co proceso educativo dos seus fillos e os programas de reforzo que se leven a cabo.
- Implicar ós pais no programa de orientación que se desenvolve no centro.
- Realizar entrevistas persoais, sempre que sexa necesario.
- Informalos sobre os resultados acadados polos seus fillos en probas psicopedagóxicas, cuestionarios e entrevistas que se consideren de interese.
- Implicar ós pais nos programas de reforzo que se poñan en práctica, na escola, cos seus fillos.

3.4.4.- Outras actividades

- Cooperar cos membros do Equipo de Orientación Específico no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.
- Establecer canles de comunicación con diferentes servizos e institucións, sobre todo da zona, no ámbito das competencias establecidas.

- Colaborar, coordinar e intercambiar informacións e materiais con outros departamentos.
- Participar na elaboración, seguimento e avaliación do proxecto educativo do centro.
- Participar nas sesións de avaliación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas.
- Participar nas reunións co IES de referencia.

3.5.- Horario da xefa do Departamento de Orientación

O horario de atención da xefa do Departamento de Orientación, a cada un dos tres centros será o seguinte:

- **CEIP AS FORCADAS:** martes de 10:15 horas a 13:15 horas e de 15:15 horas a 17:15 horas. Nos meses de setembro e xuño o horario será de 09:30 horas a 14:00 horas.

- **CEIP EDUARDO PONDAL:** luns, mércores e xoves de 09:30 horas a 13:00 horas e de 15:00 horas a 16:30 horas, tendo ademais en conta as reunións que se fan a partires das 16:30. A orientadora dispón de dúas sesións libres como compensación horaria por ser itinerante que serán en principio, a primeira sesión dos luns e a última dos xoves. Nos meses de setembro e xuño o horario será de 09:15 horas a 14:15 horas.

- **CRA NOSA SEÑORA DO FARO:** venres de 09:00 horas a 14:00horas.

Dito horario será flexible e pode variar nalgún momento por causas relacionadas coas demandas dos centros.

Levarase a cabo unha reunión semanal cos especialistas de apoio e sempre que as necesidades o demanden, faranse reunións co persoal da comunidade educativa implicada en cada caso en particular.

4.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

As estratexias de intervención abrangerán os seguintes ámbitos:

4.1. PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA

O apoio ó proceso de ensino- aprendizaxe abarca as seguintes actuacións:

▪ **Actuacións cos profesores/as**

- Colaborar cos profesores/as no proceso educativo facilitando ós mesmos orientacións encamiñadas a favorecer o proceso de ensino-aprendizaxe.

▪ **Actuacións cos alumnos/as**

- Avaliación inicial para coñecer o nivel de competencia curricular do alumno/a.

- Aplicar probas psicopedagóxicas adecuadas, ben a nivel de grupo ou individualmente en etapas críticas do desenvolvemento ou ante as dificultades que poidan xurdir.

- Realizar un seguimento dos alumnos/as atendidos polo departamento en anos anteriores.

- Prever as dificultades de aprendizaxe empregando unha metodoloxía axeitada, favorecendo a integración e participación.

- Levar a cabo diversos programas de apoio ó proceso de ensino- aprendizaxe a través de:

- Estratexias de aprendizaxe.
- Adquisición de hábitos de estudo.
- Técnicas de traballo.

▪ **Actuacións no contexto socio familiar**

- Facilitar á comunidade educativa os apoios e asesoramento necesario para o afrontamento das etapas de maior dificultade no proceso educativo do neno/a (incorporación no centro, cambio de curso, apoios dentro ou fóra da aula...)

- Fomentar e facilitar a cooperación entre o centro e as familias implicándoas no proceso educativo dos seus fillos e fillas.

- Orientar ás familias de forma individual ou colectiva para que asuman responsablemente a educación dos seus fillos/as.

- Promover relacións de cooperación e participación no centro educativo, de organismos oficiais do entorno (Concello) no que se desenvolven habitualmente os nenos/as.

4.2. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

O plan de acción titorial (PAT) é o documento que reflicte os criterios de actuacións da función titorial. O seu obxecto é a coherencia da acción educativa e a coordinación do equipo docente. Dentro do Plan Anual do centro é un obxectivo mellorar a actuación en materia de titoría, aplicando ó longo do curso o PAT.

Os ámbitos de actuación do Departamento de Orientación en relación con este plan son:

- Asesorar ós titores/as que así o soliciten, co fin de colaborar e apoiar a acción titorial.
- A través dos coordinadores de curso, desde o departamento de orientación asesorar ós equipos de nivel.
- Intervir directamente co alumnado naqueles casos nos que sexa necesario.
- Colaborar nas relacións centro e familia.
- Dar propostas de medidas específicas para a atención á diversidade.
- Dotar ó Departamento de Orientación de material axeitado para poder dar resposta ás necesidades do alumnado e do centro.
- Apoiar ó profesorado na atención ó alumnado con reforzo educativo (RE) e necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).

4.3. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O Departamento de orientación desenvolverá este plan no centro, a través de actuacións como as seguintes:

- Participación no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade: RE, ACS.
- Fomentar a comunicación entre os profesores/as que interveñen cun grupo de alumnos/as mediante reunións de titores/as, equipos de nivel,...

- Colaborar cos titores/as e equipo educativo na detección, diagnóstico e prevención dos problemas de aprendizaxe e a aplicación de medidas de apoio e de reforzo.

- Favorecer a integración de tódolos alumnos/as no centro educativo.

- Organizar os apoios dentro ou fóra da aula, é dicir, espazos e recursos, tanto persoais como materiais para a atención do alumnado en xeral e particularmente daqueles nenos/as que debido ás súas características persoais e socio- familiares, necesitan dunha atención especializada no ámbito académico para acadar o seu desenvolvemento integral, partindo da súa situación e capacidade persoal.

5.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN

Coa avaliación preténdese coñecer en que medida os diferentes obxectivos reflectidos neste Plan de Orientación para este ano académico e ámbito de actuación, van sendo acadados, pero tamén de que xeito, con que grao de efectividade e axuste á realidade e contexto no que pretende desenvolverse.

A finalidade deste coñecemento é a de optimizar o Plan, mellorando aqueles aspectos do mesmo que imos vendo que son axeitados, logo dunha previa reflexión e análise que confirme que efectivamente tales aspectos deben ser modificados, suprimidos, ampliados, reforzados, etc. Polo tanto, o proceso de avaliación será global e continuo.

Serán tidos en conta os seguintes criterios para a avaliación do Plan:

- Nº de reunións feitas.
- Grao de satisfacción e implicación do profesorado.
- Resolución satisfactoria das necesidades do profesorado.
- Grao de utilidade do material elaborado.
- Axeitamento das técnicas, instrumentos e materiais utilizados.
- Nivel de cumprimento das actividades propostas.

- Nivel e grao de coordinación acadado.
- Nivel de participación do alumnado nas actividades previstas.
- Grao de implicación de tódolos responsables no desenvolvemento de programas ou medidas de atención á diversidade.
- Grao de coordinación acadado nas coordinacións externas.

Programación Xeral Anual | 2016 - 2017

CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA 2016/2017

CLAVES:

EI3 (EDUCACIÓN INFANTIL 3 ANOS)

EI4 (EDUCACIÓN INFANTIL 4 ANOS)

EI5 (EDUCACIÓN INFANTIL 5 ANOS)

VL (VALORES CÍVICOS E MORAIS)

AE (ATENCIÓN EDUCATIVA)

C (COORDINACIÓN)

A (APOIO)

CO (COORDINACIÓN ENCARGADO COMEDOR)

G (GARDA)

O (OUTRAS GARDAS)

X (INDICA CANDO OS MEMBROS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN ESTÁN IMPARTINDO CLASE NO CENTRO)

I (ITINERANCIA)

D (DIRECCIÓN)

XE (XEFATURA DE ESTUDOS)

SE (SECRETARÍA)

	LUNS					MARTES					MÉRCORES					XOVES					VENRES					
ROCÍO ALVARELLOS	EI3	EI3	G	EI3	EI3	EI3	EI3	EI3	EI3	EI3	O	EI3	EI3	EI3	EI3	EI3	EI3	G	EI3	EI3	EI3	EI3	EI3	AE	EI3	
BEATRIZ MÉNDEZ	G	EI4	EI4	EI4	EI4	EI4	EI4	EI4	EI4	EI4	EI	EI4	EI4	AE	EI4	EI4	EI4	O	EI4	EI4	EI4	EI4	G	EI4	EI4	
MILA MARTÍNEZ	AE	EI5	EI5	EI5	EI5	EI5	EI5	EI5	G	EI5	EI5	EI5	EI5	O	EI5	EI5	EI5	EI5	EI5	EI5	EI5	EI5	G	EI5	EI5	
XALO VÁZQUEZ	XE	A	A	A	A	A	A	A	CO	XE	A	A	A	XE	G	A	XE	A	A	A	A	A	A	XE	O	G
LARAM ^a VÁZQUEZ	1º	G	1º	1º	1º	1º	1º	1º	1º	O	1º	1º	G	1º	1º	G	1º	1º	1º	1º	VL	1º	1º	G	1º	1º

Programación Xeral Anual | 2016 - 2017

	LUNS				MARTES				MÉRCORES				XOVES				VENRES							
MEIBEL COLLAZO	2°	VL	2°	2°	2°	2°	G	2°	2°	2°	2°	2°	VL	2°	O	2°	G	2°	2°	G	C	2°	2°	2°
IRIA COUSO	3ª	O	3ª	3ª	3ª	G	3ª	3ª	3ª	3ª	3ª	3ª	C	3ª	3ª	G	3ª	VL	3ª	3ª	3ª	G	3ª	3ª
CRISTINA PALLEIRO	3ª	EF 3ª	3ª	EF 3ª	G	3ª	3ª	G	3ª	3ª	3ª	O	EF 3ª	3ª	3ª	C	3ª	3ª	3ª	3ª	3ª	EF 3ª	3ª	G
BELÉN GONZÁLEZ	4ª	CN 3ª	4ª	4ª	4ª	O	4ª	4ª	G	4ª	G	4ª	4ª	4ª	4ª	4ª	4ª	G	4ª	4ª	4ª	G	4ª	CN 3ª
JOSÉ Mª HAZ	G	4ª	4ª	G	4ª	4ª	C	4ª	4ª	4ª	4ª	4ª	G	4ª	4ª	G	4ª	4ª	4ª	4ª	4ª	O	4ª	4ª
ANDREA LIÑARES	G	5ª	5ª	5ª	5ª	5ª	G	5ª	5ª	G	5ª	5ª	G	5ª	5ª	5ª	5ª	5ª	G	5ª	5ª	5ª	O	5ª
Mª PIEDAD GÓMEZ	5ª	G	5ª	5ª	5ª	5ª	PL 6ª	O	5ª	5ª	VL	5ª	5ª	5ª	5ª	5ª	G	5ª	5ª	G	G	5ª	5ª	5ª
JOSÉ VENANCIO	C	6ª	G	6ª	D	6ª	G	6ª	D	G	D	6ª	D	G	6ª	VL	6ª	D	6ª	D	D	G	6ª	6ª
SILVIA DE LA IGLESIA	6ª	6ª	6ª	G	6ª	6ª	6ª	G	6ª	G	6ª	O	6ª	6ª	6ª	6ª	G	6ª	6ª	6ª	VL	6ª	6ª	6ª
Mª PILAR TORRADO	EI5	2°	I										5ª	3ª	2°	EI4	O	6ª	3ª	G	5ª	1°	6ª	4ª
Mª LUISA QUINTÁNS	LG 6ª	4ª	LC 6ª	6ª	G	G	5ª	EI5	LC 6ª	5ª	G	1°	LG 6ª	6ª	3ª	3ª	2°	EI3	O	LC 6ª	LG 6ª	4ª	EI4	G

Programación Xeral Anual | 2016 - 2017

	LUNS				MARTES						MÉRCORES						XOVES					VENRES				
CARLOS JOSÉ	4ºB	G	EI3	G	6ºA	4ºA	5ºA	5ºB	1º	6ºB	6ºA	4ºB	G	EI5	2º	C	6ºB	EI4	G	5ºB	2º	O	1º	4ºA	5ºA	
MARTA SALGUEIRO	EI4	1º	SE	O	G	SE	2º	6ºB	G	6ºA	EI3	6ºB	SE	G	1º	C	SE	6ºA	G	2º	G	6ºA	EI5	SE	6ºB	
SANDRA LEDO	5ºA	5ºB	G	4ºB	3ºB	3ºA	4ºB	3ºB	4ºA	O	4ºA	3ºA	G	5ºA	G	4ºB	5ºB	4ºA	C	G	5ºB	3ºB	5ºA	G	3ºA	
LOURDES VELO	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	C	X	X	X	X	X	X	X	X	X	O	
TATIANA VÁZQUEZ	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	C	X	X	X	X	X	X	X	X	X	O	
ANA Mª REY	I	X	X	X	X						X	X	X	C	C	X	X	X	X	I						

PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DO EQUIPO DIRECTIVO

EQUIPO DIRECTIVO

Director	Don José Venancio Ures Barca
Xefe de Estudos	Don Xalo Vázquez López
Secretaria	Dona Marta Salgueiro Rilo

ÓRGANOS COLEXIADOS

CLAUSTRO

1. Alvarellos Souto, Rocío
2. Blanco Díaz, Carlos José
3. Collazo Amado, Meibel
4. Couso Domínguez, Iria
5. De La Iglesia Martín, Silvia
6. Gómez Gómez, María Piedad
7. González Castro, María Belén
8. Haz Pardo, José María
9. Leda Piñeiro, Sandra
10. Liñares Pazos, Andrea
11. Martínez Álvarez, María de los Milagros
12. Méndez García, Beatriz
13. Palleiro Novo, Cristina
14. Quintáns Cambeiro, María Luisa
15. Rey Torrente, Ana María
16. Salgueiro Rilo, Marta
17. Torrado Rellán, María Pilar
18. Ures Barca, José Venancio
19. Vázquez López, Xalo
20. Vázquez Rodríguez, Lara María
21. Vázquez Sánchez, Tatiana
22. Velo Ferreiro, María Lourdes

CONSELLO ESCOLAR

▪ PRESIDENTE	Don José Venancio Ures Barca
▪ SECRETARIA	Dona Marta Salgueiro Rilo
▪ XEFE DE ESTUDOS	Don Xalo Vázquez López

Programación Xeral Anual | 2016 - 2017

▪ PROFESORADO	Dona Silvia De La Iglesia Martín Dona María Piedad Gómez Gómez Don José M ^a Haz Pardo
▪ PAIS DE ALUMNOS	Don Óscar Moreira García Dona Carmen Pombo Pose Dona M ^a Raquel Souto Álvarez Dona Lara Longueira Calviño Dona María Castro Castro
▪ R. PERSOAL NON DOCENTE	
▪ R. DO CONCELLO	Don Carlos Penedo Casmartiño

Seguindo a tendencia habitual do noso Centro os órganos colexiados reuniranse cando se considere necesario. Como mínimo farase unha reunión trimestral.

Especialmente os membros do equipo directivo traballaremos de forma coordinada no desempeño das nosas funcións para de esta forma conseguir os obxectivos propostos.

Programación Xeral Anual | 2016 - 2017

O **Organigrama do Centro** onde se indican as adscricións de cada un dos membros do Claustro.

	T I T	E S P	C	NOME	C O O	E D L G	C E	E D	C C P	D O	A E C	T I C S	B I
1	I3	EI	I	Rocío Alvarellos Souto		P							
2	I4	EI	I	Beatriz Méndez García									P
3	I5	EI	I	Mila Martínez Álvarez							P		
4		EI XE	I	Xalo Vázquez López			P	P	P			P	
5	1º	EP	1	Meibel Collazo Amado					P				P
6	2º	EP	1	Lara María Vázquez Rodríguez								P	
7	3ºA	EP	2	Iria Couso Domínguez	X	P			P				
8	3ºB	EP EF	2	Cristina Palleiro Novo	X						P		
9	4ºA	EP	2	María Belén González Castro		P							
10	4ºB	EP	2	José Mª Haz Pardo	X		P		P				P
11	5ºA	EP	3	Andrea Liñares Pazos		P							
12	5ºB	EP	3	Mª Piedad Gómez Gómez							P		
13	6ºA	EP DI	3	José Venancio Ures Barca	X		P	P	P	P		P	
14	6ºB	EP	3	Silvia de la Iglesia Martín			P						P
15		EM	3	Mª Luisa Quintáns Cambeiro							P		
16		IN SE	1	Marta Salgueiro Rilo			P	P			P		
17		IN	2	Sandra Ledo Piñeiro	X							P	
18		R	1	Mª Pilar Torrado Rellán							P		

Programación Xeral Anual | 2016 - 2017

	T I T	E S P	C	NOME	C O O	E D L G	C E D	E D C P	D O	A E C	T E I C S	B I
19		EF		Carlos José Blanco Díaz	X	P		P				
20		PT	3	Lourdes Velo Ferreiro				P	P	P		
21		AL	2	Tatiana Vázquez Sánchez				P	P			p
22		OR	I	Ana María Rey Torrente	X			P	P			P

TIT	Titoría	EP	Educación Primaria
ESP	Especialidade	EF	Educación Física
C	Ciclo	EM	Educación Musical
CCP	Comisión de Coordinación Pedagóxica	IN	Inglés
		EP- IN	Educación Primaria-Inglés
DO	Departamento de Orientación	ED	Equipo directivo
AEC	Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias	R	Relixión
SEC	Secretario/a		
PT	Pedagoxía Terapéutica	P	Pertence
EI	Infantil	DI	Dirección
XE	Xefatura	CE	Consello Escolar
COO	Coordinador	EDL G	Equipo de Dinamización da Lingua Galega
TICs	Equipo Tecnoloxías da Comunicación e da Información	BI	Equipo de Biblioteca

PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO

Este equipo directivo accede á dirección con data 1 de xullo de 2015 por nomeamento do Xefe Territorial despois da ausencia de candidatos e candidatas na convocatoria de concurso á dirección.

Tendo en consideración isto carecemos dun proxecto. Aínda así pretendemos:

- Intentar conseguir a máxima participación de todos, creando un bo ambiente de traballo.
- Conseguir que as distintas administracións continúen coa mellora das infraestruturas.
- Coordinar co Concello a realización das pequenas reparacións que competen ao mesmo, especialmente aquelas que presentan problemas coas autoridades sanitarias (cociña, comedor, sanitarios...)
- Renovar aquel mobiliario do Colexio que presenta un estado deficiente.
- Establecer canles de colaboración fluída e cooperación co resto das institucións.
- Integrar a acción educativa no contexto social no que está inmerso o Centro, fomentando a interrelación co medio como parte fundamental da aprendizaxe: saídas en horario escolar, visitas culturais, actividades complementarias e extraescolares.

PROXECTO DINAMIZACIÓNS 2016-2017

	BIBLIOTECA	EXTRAESCOLARES	EDLG	TICS
SETEMBRO- OUTUBRO	<ul style="list-style-type: none"> - Constituír o equipo de biblioteca. - Introducir no Meiga o novo alumnado do centro para a correcta realización do préstamo. Eliminar así mesmo o alumnado que abandona o centro. - Apertura da biblioteca á comunidade educativa. - Achegar un fondo de libros relacionados co Samaín e o Halloween ás aulas para facer uso deles na "Hora de Ler". 	<ul style="list-style-type: none"> - Decoración inicio de curso (temática: <i>O CIRCO</i>). - Halloween / Samaín. 	<ul style="list-style-type: none"> - Celebración Samaín. Caderniño sobre o tema. - Intercambio de lecturas "Contos terroríficos". 	<ul style="list-style-type: none"> - Actualización da páxina web do centro (claustro e horario do centro). - Posta en marcha do proxecto para o curso 2016-17.
NOVEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> - Posta en marcha das mochilas viaxeiras. - Posta en marcha do préstamo de e-books. - Montar a exposición seguindo a temática anual: "O CIRCO". 	<ul style="list-style-type: none"> - Magosto. - Decoración inicio de curso temática cirquense. 	<ul style="list-style-type: none"> - Celebración Magosto. Caderniño sobre o tema. 	<ul style="list-style-type: none"> - Actualizar a páxina web con imaxes das celebracións tanto do Samaín coma do Magosto.
DECEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración dun tríptico informativo ás familias co lema: "Un libro é un bo agasallo". 	<ul style="list-style-type: none"> - Decoración Nadal. - Exposición de postais. Reis Magos/Papá Noel. 	<ul style="list-style-type: none"> - O Apalpador. - Aportacións revista primeiro trimestre. 	<ul style="list-style-type: none"> - Incluír na web do centro imaxes coa actividades levadas a cabo por outros equipos docentes para a celebración do Nadal.

Programación Xeral Anual | 2016 - 2017

XANEIRO – FEBREIRO		<ul style="list-style-type: none"> - Día da paz. - Entroido: Desfile de disfraces. 	<ul style="list-style-type: none"> - Colaboración na celebración do Entroido. 	<ul style="list-style-type: none"> - Aportación de enlaces para traballar o Día da Paz e a temática do Entroido nas aulas. - Actualizar a web coa celebración do Entroido no centro.
MARZO – ABRIL	<ul style="list-style-type: none"> - Celebración do “Día do Libro” levando os libros ao patio nos tempos de lecer. Esta actividade realizarase durante toda unha semana baixo o lema “Calquera sitio é bo para soñar”. 	<ul style="list-style-type: none"> - Decoración Primavera. - Celebración do “Día do deporte”. 	<ul style="list-style-type: none"> - Aportacións revista segundo trimestre. 	
MAIO	<ul style="list-style-type: none"> - Celebración das Letras Galegas facilitando ao claustro un fondo de obras sobre o escritor homenaxeado este ano, Carlos Casares. 	<ul style="list-style-type: none"> - “As nosas Letras” - III Xornada lúdico-deportiva en Valarés. 	<ul style="list-style-type: none"> - Letras galegas. - Libro viaxeiro. 	<ul style="list-style-type: none"> - Celebración das Letras Galegas: actualización da páxina web.
XUÑO		<ul style="list-style-type: none"> - Festival Fin de curso. 	<ul style="list-style-type: none"> - Avaliación do proxecto. - Posibles propostas para o vindeiro curso. - Aportacións revista terceiro trimestre. - Entrega de revista. - Xogos tradicionais. 	<ul style="list-style-type: none"> - Avaliación do proxecto. - Festival de Fin de curso. - Propostas de mellora para o vindeiro Curso 2017/18.

XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO

XORNADA CONTINUADA OU XORNADA PARTIDA

A temporalidade da Xornada Continuada ou Partida, ven dada polo Calendario Escolar que establece a Consellería de Educación que é a seguinte:

- **Xornada continuada** nos meses de setembro e xuño.
- **Xornada partida** do 1 de Outubro de 2016 ao 31 de maio de 2017.

XORNADA CONTINUADA		XORNADA PARTIDA	
1ª CLASE	DE 9:15 A 10:05	1ª CLASE	DE 9:30 A 10:20
2ª CLASE	DE 10:05 A 10:55	2ª CLASE	DE 10:20 A 11:10
3ª CLASE	DE 10:55 A 11:45	RECREEO	DE 11:10 A 11:40
RECREEO	DE 11:45 A 12:15	PLAN LECTOR	DE 11:40 A 12:10
PLAN LECTOR	DE 12:15 A 12:45	3ª CLASE	DE 12:10 A 13:00
4ª CLASE	DE 12:45 A 13:30	4ª CLASE	DE 15:00 A 15:45
5ª CLASE	DE 13:30 A 14:15	5ª CLASE	DE 15:45 A 16:30

QUENDAS DE VIXILANCIA DOS RECREOS

PATIO EDUCACIÓN INFANTIL E 1º CICLO DE PRIMARIA (Castelao)

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
ROCÍO LUISA TATIANA	XALO MILA LARA	ROTACIÓN	LOURDES PILAR ANA M ^a	BEA CARLOS SANDRA

PATIO 2º E 3º CICLO EDUCACIÓN PRIMARIA (Rosalía de Castro)

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
JOSE PIEDAD	ANDREA JOSÉ M ^a	ROTACIÓN: MARTA ...	SILVIA BELÉN	IRIA CRISTINA

GARDAS DE TRANSPORTE

Estarán de garda de transporte 10 minutos antes da entrada e despois da saída do alumnado, os grupos de garda de patio dese mesmo día. Polo tanto as gardas de transporte son as que seguen:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
ROCÍO LUISA TATIANA JOSE PIEDAD	XALO MILA LARA ANDREA JOSÉ M ^a	ROTACIÓN: MARTA ...	LOURDES PILAR ANA M ^a SILVIA BELÉN	BEA CARLOS SANDRA IRIA CRISTINA

PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS

DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

As reunións que se establecen a continuación, están adaptadas á Orde do 6 de xullo de 2007, á Orde do 17 de xullo de 2007 e á Orde do 23 de xuño de 2011.

- **Luns:**

Os primeiros luns de cada mes dedicaranse a reunións de Equipos de Ciclos/Niveis.

Os segundos luns celebrarase a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Os terceiros luns reuniranse os membros do Departamento de Orientación.

Os cuartos luns reunión do Equipo de Normalización Lingüística.

- **Martes:**

A sexta hora do martes está destinada ás Dinamizacións.

- **Mércores:**

Reunións de Claustro, Consello Escolar, Xuntas de Avaliación, reunións con representantes de ámbito social, cultural, etc.)

- **Xoves:**

Reservados a visitas / titorías de pais/nais.

- **Venres:**

Son días dedicados ás Dinamizacións.

PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

ROCÍO ALVARELLOS SOUTO

Simposio Dolmen de Dombate
Encontros para falar, cantar e contar
Filosofía para nenos e nenas
Matemáticas divertidas
Educación emocional para Infantil

BEATRIZ MÉNDEZ GARCÍA

Encontros para falar, cantar e contar
Filosofía para nenos e nenas

MARÍA DE LOS MILAGROS MARTÍNEZ ÁLVAREZ

Filosofía para nenos e nenas
Educación emocional para Infantil

XALO VÁZQUEZ LÓPEZ

Encontros para falar, cantar e contar

MEIBEL COLLAZO AMADO

Encontros para falar, cantar e contar
Matemáticas divertidas

IRIA COUSO DOMÍNGUEZ

Acoso escolar: prevención, detección e tratamento
Métodos innovadores na xestión da aula de primaria

CRISTINA PALLEIRO NOVO

Curso de galego para o profesorado en prácticas
Formación inicial para profesorado en prácticas
Ferramentas TIC para a docencia en Infantil e Primaria
As ferramentas TIC para o ritmo e a psicomotricidade
Proxecto Meiga. Xestión informatizada da biblioteca escolar

ANDREA LIÑARES PAZOS

A competencia en comunicación lingüística en proxectos de comunicación

MARTA SALGUEIRO RILO

A creatividade a través da interacción no ensino do inglés
A creatividade desde a intelixencia emocional

M^a LOURDES VELO FERREIRO

Simposio Dolmen de Dombate
Encontros para falar, cantar e contar

MARÍA LUISA QUINTÁNS CAMBEIRO

Simposio Dolmen de Dombate
Encontros para falar, cantar e contar
Técnicas de resolución pacífica de conflitos
I Xornada sobre o MUPEGA como recurso didáctico
IV Xornadas de atención á diversidade
Tendencias emerxentes para o cambio educativo
Exercicios para o coidado e hixiene da voz. Foniatría e ortofonía
XVIII Foro galego de educación en igualdade
V Encontros de educación infantil e primaria
As danzas populares e tradicionais como recurso para o traballo das competencias clave

PLAN DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA

Anexo II: Proxecto Lingüístico

1. COMPOÑENTES DO E.D.L.G.

O equipo de dinamización da lingua galega constitúese no curso 2016-2017 polos seguintes membros/as:

- Dona Rocío Alvarellos Souto, representando ao equipo de educación infantil.
- Don Carlos José Blanco Díaz, representando ao 1º ciclo de primaria.
- Dona Iria Couso Domínguez e Dona M^a Belén González Castro representantes do 2º ciclo de educación primaria
- Dona Andrea Liñares Pazos, representante do 3º ciclo de primaria.

Actúa como coordinadora do equipo Iria Couso Domínguez.

2. REUNIÓN

As reunións ordinarias do equipo de dinamización da lingua galega celebraranse o último luns de cada mes, en horario de 16:30 a 17:30, e faranse tantas reunión extraordinarias como sexan necesarias.

3. XUSTIFICACIÓN

O actual Equipo de Dinamización da Lingua plánteo como obxectivo principal abordar un proxecto que tenta unha valoración positiva e un emprego cotiá e normalizado da lingua galega, sempre co ánimo de implicar a toda a Comunidade Educativa.

A filosofía da que parte é que o Equipo de Dinamización da lingua deberá estar constituído pola totalidade do Claustro aínda que se represente nuns compoñentes concretos, xa que a vontade normalizadora do profesorado na súa totalidade resulta imprescindible para acadar o obxectivo da dinamización da lingua.

4. ESTRATEXIAS GLOBAIS A SEGUIR

No equipo están representados os niveis do centro, desta maneira propíciase unha

bidireccionalidade, E.D.L.G. ↔ niveis, nas iniciativas u/ou propostas de calquera deles.

O E.D.L.G. estará representado na Comisión de Coordinación Pedagóxica por medio da súa coordinadora. A través desta representación o E.D.L.G. propondrá o plan xeral para o uso do idioma.

Por outra banda, o E.D.L.G. elaborará un plan anual de actividades e colaborará na súa realización.

En relación ca educación infantil destacar:

O artigo 5 do Decreto 79/2010, establece que na etapa de Educación Infantil:

- O profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, se ben deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa e ciclo.
- A lingua materna predominante será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará ós pais, nais, e titores ou representantes legais do alumno antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo/filla.
- Atenderase de maneira individualizada ó alumnado tendo en conta a súa lingua materna.
- Cada centro educativo deberá constar no seu proxecto lingüístico das actividades e estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais.

En canto á educación primaria destaca:

O artigo 6 do Decreto 79/2010 establece que na etapa de Educación Primaria:

- Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia.
Impartirase en galego a materia de ciencias sociais, ciencias naturais e educación física, e en castelán a materia de matemáticas.
- Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que impartirá o resto de materias de cada curso,

garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúan na mesma porcentaxe de horas semanais, sen prexuízo do disposto no capítulo IV, sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras. Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

5. OBXECTIVOS

OBXECTIVOS DE CENTRO

- Fomentar o uso xeneralizado, tanto a nivel oral como escrito, da lingua propia da comunidade, e reforzar a dimensión comunicativa do galego en diversos contextos.
- En xeral, potenciar en toda a comunidade educativa as actitudes positivas cara o uso da lingua galega.
- Fomentar a coexistencia harmónica e respectuosa entre as dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Fomentar o respecto e recoñecemento das outras linguas oficiais.
- Recoñecer as linguas como unha riqueza cultural e un patrimonio histórico que é necesario conservar.
- Dar a coñecer á comunidade escolar a vida e a obra do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2017, Carlos Casares.
- Colaborar nas actividades de dinamización lingüística do Concello de Ponteceso, potenciando a participación do alumnado e con calquera outra actividade promovida durante o curso pola Xunta de Galicia ou calquera outro organismo.
- Colaborar con outros centros de ensino de infantil e primaria na elaboración de actividades comúns.

OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO

- Conseguir que o alumnado, ao remate da etapa de educación primaria, posúa unha boa competencia comunicativa nas dúas linguas oficiais, independentemente de cal sexa a súa lingua familiar.
- Adquirir por todo o alumnado unha boa competencia tanto en galego como en castelán.
- Fomentar a lectura de libros en galego e difundir as novidades editoriais e o coñecemento de autores en lingua galega.

- Dar a coñecer a lingua galega entre o alumnado foráneo e traducir ao galego material de apoio para este alumnado.

OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO

- Facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que lle axude a percibir a utilidade da lingua galega. Incrementar a asociación de valores positivos á lingua galega que a fagan percibir como lingua moderna e de futuro para a promoción social de Galicia.
- Impulsar o hábito lector nas distintas linguas do currículo oficial e desenvolver a comprensión lectora do modo máis harmónico e eficaz posible.
- Fomentar o emprego de textos na súa lingua orixinal, sempre que isto sexa posible.
- Fomentar a interrelación das diferentes linguas utilizadas polo noso alumnado.
- Confeccionar a revista escolar O Bardo en idioma galego e a difusión da mesma entre a comunidade escolar.

6. METODOLOXÍA

A metodoloxía establecida polo equipo de dinamización da lingua para a adquisición dos obxectivos propostos estará baseada na promoción do desenvolvemento das diferentes actividades a través da nosa lingua, o galego. En todas estas actividades terase en conta que prevaleza a tradición galega e o idioma galego en todos os ámbitos é dicir, dende a expresión oral, escrita e outras manifestacións culturais.

As actividades que se plantean pretenderán crear procesos de aprendizaxe significativos, onde toda ou a maior parte da comunidade educativa participe activamente.

7. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES

- a) Elaboración do Proxecto de Fomento do Galego e solicitude das axudas que dende a Consellería se ofrecen a este fin
- b) Organización das actividades relacionadas coa Semana das Letras Galegas e ifusión de material para traballar nas aulas o autor homenaxeado no día das Letras Galegas 2017, Carlos Casares.
- c) Colaboración co equipo de actividades complementaras e extraescolares para o festexo do Samaín e Magosto.

- d) Organización do intercambio de lecturas “Contos terroríficos” e agasallo de manualidades coa temática do Samaín.
- e) Organización da actividade do “libro viaxeiro” na semana das Letras Galegas.
- f) Colaboración co equipo de actividades complementaras e extraescolares na celebración do Entroido.
- g) Colaboración en distintas actividades co equipo de Tics.
 - Creación, actualización e mantemento da páxina web do centro e dos blogues de aula.
- h) Colaboración co equipo de dinamización da biblioteca nas diferentes actividades que se van a levar a cabo no centro e ampliación do fondo bibliográfico en galego..
- i) Edición dun número da revista escolar O Bardo.
- j) Participación nos diferentes concursos que fomenten o uso do idioma galego e/ou da cultura galega dependendo das ofertas que aparezan ao longo do curso.

8. TEMPORALIZACIÓN

A realización das actividades relacionadas coa celebración de Samaín, Magosto, Entroido e Semana das Letras Galegas ven determinada polo calendario oficial:

1º Trimestre: Samaín e Magosto.

2º Trimestre: Entroido.

3º Trimestre: Semana das Letras Galegas.

O resto das actividades distribuiranse ao longo do curso.

LIBROS DE TEXTO E DE MAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

Curs o e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
EP-1	C. SOCI	CIENCIAS SOCIAIS 1 EDITORIAL RODEIRA	978-84-8349-321-2	
EP-1	CMNC	CIENCIAS DA NATUREZA 1 EDITORIAL RODEIRA	978-84-8349-255-0	Galego
EP-1	ING			
EP-1	LC	LIBRO 1, 2, 3 (AULA ACTIVA) EDITORIAL VICENS VIVES	9788468220307	Castellano
EP-1	LG			
EP-1	MAT	LIBRO 1, 2, 3 (AULA ACTIVA) EDITORIAL VICENS VIVES	9788468220284	Castellano
EP-1	MU	MELODÍA 1 Editorial Galinova	978-84-9737-222-0	Galego
Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
EP-2	MU	MELODÍA 2 Editorial Galinova	978-84-9737-238-1	Galego

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
EP-3	C. SOCI	CIENCIAS SOCIAIS 3 Santillana-Proxecto Saber facer	978-84-9972-474-4	Galego
EP-3	C. NAT	CIENCIAS DA NATUREZA 3 Santillana-Proxecto Saber facer	978-84-9972-459-1	Galego
EP-3	ING	BIG SURPRISE 3 AB+MROM PK Oxford	9780194516228	Inglés
EP-3	LC	LENGUA CASTELLANA 3 Santillana-Proyecto Saber hacer Teresa GrenceRuiz	978-84-680-1196-7	Castelán
EP-3	LG	LENGUA GALEGA 3 Santillana-Proxecto Saber facer Teresa GrenceRuiz e Ana M ^a Guerra Cañizo	978-84-9972-249-8	Galego
EP-3	MAT	MATEMÁTICAS 3 Santillana-Proyecto Saber hacer Teresa GrenceRuiz	978-84-680-1286-5	Castelán
EP-3	MU	MELODÍA 3 Editorial Galinova	978-84-9737-223-7	Galego

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
EP-4	C. SOCI	CIENCIAS SOCIAIS 4 Santillana-Proxecto Saber facer	978-84-9972-714-1	Galego
EP-4	C. NAT	CIENCIAS DA NATUREZA 4 Santillana-Proxecto Saber facer	978-84-9972-600-7	Galego
EP-4	ING	BIG SURPRISE 4 AB+MROM PK Oxford	9780194516235	Inglés
EP-4	LC	LENGUA CASTELLANA 4 Santillana-Proyecto Saber hacer Teresa GrenceRuiz	978-84-680-2956-6	Castellano
EP-4	LG	LENGUA GALEGA 4 Santillana-Proxecto Saber facer Teresa GrenceRuiz e Ana M ^a Guerra Cañizo	978-84-9972-616-8	Galego
EP-4	MAT	MATEMÁTICAS 4 Santillana-Proyecto Saber hacer Teresa GrenceRuiz	978-84-8305-609-7	Castellano
EP-4	MU	MELODÍA 4 Editorial Galinova	978-84-9737-239-8	Galego
EP-4	MAT	Cuadernillos – (4.1, 4.2, 4.3) Santillana – Saber hacer	9788468029641 9788468029672 9788468029627	Castelán
Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
EP-5	C. SOCI	CIENCIAS SOCIAIS 5 Santillana.Proxecto Saber facer	978-84-9972-933-6	Galego
EP-5	C. NAT	CIENCIAS DA NATUREZA 5 Santillana.Proxecto Saber facer	978-84-9972-742-4	Galego
EP-5	ING	Great Explores Class book 2015 Oxford	9780194820493	Inglés
EP-5	LC	LENGUA CASTELLANA 5 Santillana-Proyecto Saber hacer Teresa GrenceRuiz	978-84-680-1057-1	Castellano
EP-5	LG	LENGUA GALEGA 5 Santillana-Proxecto Saber facer Teresa GrenceRuize Ana M ^a Guerra Cañizo	978-84-9972-216-0	Galego
Ep-5	MU	MELODÍA 5 Editorial Galinova	978-84-9737-224-4	Galego
EP-5	MAT	MATEMÁTICAS 5 Santillana-Proyecto Saber hacer Teresa GrenceRuiz	978-84-680-1066-3	Castellano

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
EP-6	C. SOCI	CIENCIAS SOCIAIS 6 Santillana.Proxecto Saber facer	978-84-9972-440-9	Galego
EP-6	C. NAT	CIENCIAS DA NATUREZA 6 Santillana.Proxecto Saber facer	978-84-9972-587-1	Galego
EP-6	ING	Great Explores Class book 2015 Oxford	9780194504249	Inglés
EP-6	LC	LENGUA CASTELLANA 6 Santillana-Proyecto Saber hacer Teresa GrenceRuiz	978-84-680-3171-2	Castellano
EP-6	LG	LENGUA GALEGA 6 Santillana-Proxecto Saber facer Teresa GrenceRuize Ana Mª Guerra Cañizo	978-84-9972-497-3	Galego
Ep-6	MU	MELODÍA 6 Editorial Galinova	978-84-9737-240-4	Galego
EP-6	MAT	MATEMÁTICAS 6 Santillana-Proyecto Saber hacer Teresa GrenceRuiz	978-84-680-3033-3	Castellano

PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Durante o curso escolar 2016-2017, co fin de recoller todas as ideas e propostas da comunidade educativa, forman parte deste equipo representantes de cada ciclo educativo. Así o equipo de extraescolares queda constituído polos seguintes membros:

Representante de Educación Infantil: Mª de los Milagros Martínez Álvarez.

Representante do 1º ciclo de primaria: Marta Salgueiro Rilo e Mª Pilar Torrado Rellán.

Representantes do 2º ciclo de primaria: Cristina Palleiro Novo.

Representantes do 3º ciclo de primaria: Mª Piedad Gómez Gómez, Mª Lourdes Velo Ferreiro e Mª Luisa Quintáns Cambeiro.

Actúa como *coordinadora*: Cristina Palleiro Novo.

Calendario de reunións:

Este equipo reunirse nas horas de dinamizacións que están dispostas para tal fin cando sexa necesario.

Obxectivos:

- Celebrar festas e conmemorar datas especiais que teñan significado dentro da nosa Comunidade Escolar e que axuden a formación dos nosos alumnos/as.
- A través das actividades complementarias e extraescolares, axudar a os alumnos/as a observar, explorar e coñecer o medio no que se desenvolven.
- Favorecer o traballo en grupo, así coma o espírito de colaboración entre os membros da comunidade escolar.
- Establecer relacións sociais positivas entre os membros da Comunidade Escolar e outras Comunidades.
- Promover todas as actividades complementarias e extraescolares que sexan posibles para obter os obxectivos propostos.
- Espertar o interese do alumnado polas actividades propostas así como obter unha participación gozosa nelas.
- Promover actividades relacionadas ca temática; “*O circo*” no curso 2016-2017.

Programación anual de actividades

Durante o curso escolar 2016-2017 levarase a cabo o seguinte programa de actividades dacordo cas conmemoracións de obrigado cumprimento recollidas *na Orde do 7 de xuño de 2016*, pola se aproba o calendario escolar para o curso 2016/17. Tamén se levarán a cabo aquelas outras conmemoracións que poidan ser de interese pedagóxico e socio-histórico-cultural.

CONMEMORACIÓN	ACTIVIDADES CONXUNTAS	
	<p>Outubro-Novembro</p> <ul style="list-style-type: none"> - Magosto - Halloween-Samaín 	<p>Decoración inicio de curso temática cirquense.</p> <p>Decoración de portas.</p>
<p>Decembro</p> <ul style="list-style-type: none"> - Constitución e Estatuto de autonomía de Galicia - Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos 	<p>Decembro</p> <ul style="list-style-type: none"> - Nadal 	<p>Decoración de Nadal</p> <p>Exposición de postais.</p> <p>Reis Magos e Papá Noel.</p>
<p>Xaneiro</p> <ul style="list-style-type: none"> - Día da paz 		
	<p>Febreiro</p> <ul style="list-style-type: none"> - Entroido 	<p>Desfile de disfraces</p>
<p>Marzo</p> <ul style="list-style-type: none"> - Día Internacional da Muller Traballadora - Día Mundial dos Dereitos do Consumidor - Semana da Prensa 	<p>Marzo</p>	<p>Decoración primavera</p>
<p>Abril</p> <ul style="list-style-type: none"> - Día do libro - Día Mundial da Saúde 	<ul style="list-style-type: none"> - Celebración do "Día do Deporte" 	
<p>Maio</p> <ul style="list-style-type: none"> - Día de Europa - Semana das Letras Galegas 	<ul style="list-style-type: none"> - As nosas Letras 	
<p>Xuño</p> <ul style="list-style-type: none"> - Día Mundial do Ambiente 	<p>Xuño</p> <ul style="list-style-type: none"> - III Xornada lúdico-deportiva en Balarés - Festival fin de curso 	

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

Os titores estarán a disposición dos pais/nais todos os XOVES de 16:30 h. a 17:30 h.

O horario do Equipo Directivo é o seguinte:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30 - 10:20	XE	SEC	DIR	XE	DIR
10:20 - 11:10				SEC	
12:10 - 13:00	SEC		DIR/XE/SEC	DIR	XE
15:00 - 15:45		DIR/XE			SEC
15:45 - 16:30	DIR			DIR	

PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

O CEIP Eduardo Pondal conta con seis traballadores non docentes baixo a dirección administrativa da secretaria do centro:

- 1 cociñeira
- 2 axudantes de cociña
- 2 limpadoras
- 1 conserxe

As cociñeiras cumpren a súa labor en horario de 9:00 h. a 16:30 h., en coordinación co encargado do comedor e co director do centro.

O conserxe cumpre as tarefas propias da conserxaría como é apertura e peche do centro, recollida de correspondencia, pequenas reparacións, funcións de reprografía, etc.

As limpadoras, xunto có conserxe, dependen do Concello. Estas comezan o seu traballo ao remate da xornada escolar excepto unha que no descanso do comedor hixieniza os aseos.

PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA

A comunicación entre o centro e os pais e nais do alumno/a establécese dun xeito periódico có horario de atención das titorías e do equipo directivo.

Cabe destacar tamén as xornadas de portas abertas que se celebran no terceiro trimestre para os nenos e nenas que serán alumnos/as do centro no curso inmediato.

Por outra banda, o CEIP Eduardo Pondal de Ponteceso considerase parte integrante da Comunidade que o rodea. É intención deste Centro que as relacións con esta sexan o máis fluídas posibles.

As relacións teñen como fin primordial a integración do alumno/a no seu entorno mediante a intermediación do Centro, e como consecuencia desta intención existe un intercambio activo de experiencias entre o Colexio e unha serie de Agrupacións formalmente constituídas, e aínda que non son as únicas, as de maior relación son as seguintes:

- Concello.
- Fundación Eduardo Pondal.

Así mesmo, o Centro estará atento a calquera circunstancia ou suceso que xurda no medio socioxeográfico no que está inmerso para tomalo como propio, pois consideramos que forma parte da Comunidade e non debe estar afastado da realidade cotiá.

PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

No presente curso escolar 2016-2017 non temos novidades na estrutura do Transporte Escolar con respecto ao curso anterior.

A configuración de liñas é a seguinte:

RUTA nº1: Chimpancé Verde	Paradas en: Canesteves, Calle, Casilla, Noria, Bugalleira, Riotorto, Ourada, Limiñoa, Bardaio e Figueiroa.
RUTA nº2: Elefante Azul	Paradas en: Lestimoño, A Graña, Nemeño, Campara, Igrexa Cores, Cores, Barreira, Petón Garrido, Xerea, Picho, Chenlo e A Gallega.
RUTA nº3: Vaca Rosa	Paradas en: Tallo Picho, Tallo Igrexa, Tallo, Langueirón de abaixo, Langueirón de arriba, Rebordáns, Pazos de abaixo, Pazos de arriba, A Charrúa, As Canaveiras, O Quente ou Regados, Sergude de Arriba, Outrelo, Froxán ou Iglesia, Xornes de Arriba ou Pasacondia e San Antonio.
RUTA nº4: Xirafa Amarelo	Paradas en: Anllóns, Ponteceso, Carracido, Cospindo e Balarés.
RUTA nº5: Ovella Vermello	Paradas en: Gándara, Palas, Os Seixos e Pesco.

No presente curso temos identificado cada Ruta cun animal e cunha cor:

- ☞ **Ruta 1:** Chimpancé - Verde.
- ☞ **Ruta 2:** Elefante - Azul
- ☞ **Ruta 3:** Vaca - Rosa
- ☞ **Ruta 4:** Xirafa - Amarelo
- ☞ **Ruta 5:** Ovella - Vermello

Todos os nenos de Educación Infantil e 1º curso de Educación primaria que sexan usuarios do transporte escolar portarán un colar identificando a Ruta que utilizan co seu nome, tal e como se expuxo.

En cada autobús aparecerá o seu código correspondente.

En total 166 alumnos empregan o transporte escolar e a empresa que o fai é Transportes Cotelos de Corme (Ponteceso).

NOTA: Todos os vehículos deberán chegar ao Centro cunha antelación máxima de dez minutos, e deberán saír con cinco minutos, como mínimo, despois de tocar a sirena.

REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR ESCOLAR

Anexo III: O Regulamento do Comedor Escolar sufriu algunhas modificacións, durante os meses de outubro a maio, para o presente curso.

No curso académico 2016-2017 está previsto o funcionamento do comedor escolar ao longo duns 170 días, podendo facer uso del todos os alumnos/as do centro, o persoal de cociña, as colaboradoras, o director e o encargado de Comedor.

OBXECTIVOS:

- 1- Desenvolver e fomentar hábitos alimentarios saudables.
- 2- Proporcionar unha alimentación variada para garantir a inxestión suficiente e adecuada de nutrientes.
- 3- Adaptación progresiva dos comensais aos diferentes alimentos, sabores e texturas.

ORGANIZACIÓN:

Director: José Venancio Ures Barca

Encargado do Comedor: Xalo Vázquez López

Persoal de cociña:

- Dolores Vicente Teijeiro → Cociñeira
- Matilde Senande Vázquez → Axudante de cociña
- Teresa García Leis → Axudante de cociña

Colaboradores non Docentes:

- Raquel Fernández Villar
- Maribel Mato Vázquez
- M^a Teresa Varela Regueira
- Ana María Castro Pose
- Melania María Pérez Cancela
- M^a Mar Puga Bello
- María Dolores Oreiro Allo
- Enrique Rial Brenlla

Becas do comedor	196
N ^a De Becas solicitadas	196
Contía da beca	2,01€
Días previstos de Comedor	170

Quendas de comedor:

- Unha soa quenda os meses de setembro e xuño.
- Dúas quendas durante os meses de outubro a maio

Horarios de comida:

De 13:00 h. a 13:45 h. (1^o TURNO)

De 13:45 h. a 14:30 h. (2^o TURNO) → **(OUTUBRO A MAIO)**

De 14:15h a 15:15h → (SETEMBRO E XUÑO)

PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

O colexio, ademais das aulas propias de cada titoría conta con: unha aula de Inglés, unha aula de Música e unha aula de alternativa á Relixión / audiovisuais, nas que se celebran ditas disciplinas.

O uso da biblioteca escolar ven explicado no punto dedicado á lectura desta Programación Xeral.

Os docentes contan tamén cunha sala de profesores que funciona como espazo de traballo durante as horas lectivas e como sala de reunións nas horas dedicadas ás mesmas.

PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

Teñen unha representante no Consello Escolar.

Como en cursos anteriores esta asociación colaborará có centro en todas as celebracións pedagóxicas.

PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

AVALIACIÓNS

A avaliación é continua e formativa, é dicir, que se pretenderá que os alumnos/as durante a mesma progresen tanto cualitativa como cuantitativamente, non sendo en si mesma un fin, senón que será considerada como un medio máis de orde pedagóxica para acadar os fins propostos na educación.

A finais de cada un dos trimestres nos que se divide o curso realizaranse as correspondentes xuntas de avaliación dos distintos niveis e procederase ao envío da información académica ás familias nas datas que a continuación se indican.

As datas oficiais de rexistro e entrega de boletíns de Información Familiar son as seguintes:

Entrega de **boletíns**:

❖ 1ª Avaliación.....21/12/15

- ❖ 2ª Avaliación.....24/03/16
- ❖ 3ª Avaliación.....22/06/16


Datas das reunións de avaliación:

- ✓ 1ª Avaliación: 14 e 15 de decembro
- ✓ 2ª Avaliación: 20 e 22 de marzo
- ✓ 3ª Avaliación: 14 e 15 de xuño

A avaliación centrarase en comprobar en que medida se acadaron os obxectivos tanto xerais como específicos.

Durante o curso farase unha revisión correctora co fin de canalizar as desviacións dos obxectivos propostos inicialmente.

Ao final do curso realizarase unha avaliación final mediante unha memoria que deberá ser informada polo claustro e polo Consello Escolar.



ANEXOS

Anexo I: PROXECTO EDUCATIVO

1.- Análise do contexto

1.1. Contexto socioeconómico

1.2. Elementos materiais

1.2.1. Edificios e construcións anexas

1.2.2. Material

1.3. Elementos persoais

1.3.1. Persoal docente

1.3.2. Persoal A.T.E. (Auxiliar Técnico Educativo)

1.3.3. Persoal non docente

1.3.4. Alumnado

1.3.5. Pais/nais/titores de alumnos

1.4. Funcionamento do Centro

2.- Principios educativos

3.- Obxectivos

4.- Relacións do Centro con outras institucións

5.- Normas de organización e funcionamento

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Base legal

1.2. Principios xerais

1.3. Obrigatoriedade do regulamento

1.4. Elaboración e modificación do regulamento

1.5. Aprobación do regulamento

2. PROFESORADO

2.1. Adscrición

2.2. Dereitos e deberes

2.3. Condición de autoridade pública do profesorado

3. ALUMNADO

3.1. Admisión

3.2. Dereitos e deberes

3.3. Traballos extraescolares

4. PAIS/NAIS OU TITORES/AS LEGAIS

4.1. Dereitos e deberes das nais e pais ou dos titores/as

5. PERSOAL NON DOCENTE

5.1. Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos

6. RECURSOS MATERIAIS

6.1. Instalacións e materiais do centro

6.2. Plan de evacuación

7. RECURSOS FUNCIONAIS

7.1. Horarios, entradas e saídas e gardas

7.2. Permanencia nas aulas no tempo de recreo. Biblioteca

7.3. Control e información aos pais/nais

7.4. Saídas e entradas ao centro en horario lectivo

7.5. Acceso e permanencia de persoas alleas ao centro

7.6. Atención en caso de accidente

7.7. Comedor Escolar

7.8. Réxime administrativo do centro

7.9. Réxime económico do centro

8. NORMAS DE CONVIVENCIA

8.1. Principios xerais

8.2. Plan de convivencia

8.3. Circunstancias paliativas ou agravantes das correccións

9. CONDUCTAS CONTRARIAS LEVES ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

9.1. Sancións e órganos de aplicación

10. CONDUCTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA DO CENTRO

10.1. Sancións e órganos de aplicación

11. PROGRAMAS E ACTUACIÓN COMPLEMENTARIAS ÁS MEDIDAS CORRECTORAS

6.- Modificacións do PE

1. ANÁLISE DO CONTEXTO

1.1.- CONTEXTO SOCIOECONÓMICO

O CEIP “Eduardo Pondal”, situado no concello de Ponteceso, pertencente á bisbarra de Bergantiños, no noroeste de Galicia. Trátase dunha zona rural, que limita co paso do río Anllóns.

Ponteceso ten unha extensión de 90,64 Km cadrados e unha poboación de **5.843** (ano 2014) habitantes. Os seus maiores núcleos de poboación son Corme Porto, Ponteceso, Corme Aldea e Pazos. Os habitantes do municipio están repartidos en 14 parroquias: Anllóns, Brantuas, Cores, Cospindo, A Graña, Langueirón, Nemeño, Niñóns, Pazos, Tallo, Tella, Xornes e Corme.

A maior parte da poboación da zona traballa no sector terciario.. Ponteceso está pouco industrializado. As principais actividades deste sector son: a produción de áridos, algúns talleres de confección e carpintería metálica e de madeira en Ponteceso, maquinaria agrícola en Pazos e varios serradoiros. En definitiva, prima o sector primario nas aldeas próximas a Ponteceso e secundario e terciario en Ponteceso.

En Ponteceso, ademais do CEIP “Eduardo Pondal”, hai os seguintes centros:

- CEIP “As Forcadas” en Corme.
- CRA “Virxe do Faro”.
- IES Ponteceso.

Ademais destes centros educativos, Ponteceso conta con dous centros dependentes do SERGAS, un en Ponteceso e outro en Corme e dúas farmacias.

Tamén conta con varias asociacións culturais e veciñais.

A lingua predominante é o galego.

1.2.- ELEMENTOS MATERIAIS

1.2.1.- Edificios e construcións anexas

O CEIP "Eduardo Pondal" conta cun edificio e un pavillón de deportes que comparte có concello.

O edificio contén:

- 3 aulas de Educación Infantil
- 10 aulas de Educación Primaria
- 1 aula de inglés
- 1 aula de música
- 1 aula de Audición e Linguaxe
- 1 aula de Pedagogía Terapéutica
- 1 despacho de Orientación
- 1 aula para a atención educativa alternativa á Relixión + audiovisuais
- Biblioteca
- Sala de profesores
- Cociña
- Almacén
- Comedor
- Sala de máquinas
- Vestíbulo
- Conserxería
- Dirección
- Xefatura de estudos
- Secretaría
- Piscina
- Dous patios cubertos
- Pista deportiva
- Área recreativa

Así mesmo, é preciso deixar constancia que desde que a Consellería desafectou o antigo edificio da ESO en favor do Concello (ano 2011), adecuáronnos un paso para acceder ao patio de dito edificio sen saír do recinto escolar.

1.2.2.- Material

A grandes trazos podemos dicir que o mobiliario de aula tense que seguir renovando no presente curso para adaptar as aulas ás actividades que nelas se desenvolven. O pasado curso a Consellería non enviou nada do solicitado.

As aulas das especialidades necesitan de material propio da súa disciplina para o mellor desenvolvemento dos seus contidos. Tal é o caso das aulas de música, Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e Educación física.

1.3.- ELEMENTOS PERSOAIS

1.3.1.- Persoal docente

- 3 titores de Educación Infantil
- 1 mestre de apoio de Educación Infantil
- 8 titores de Educación Primaria
- Unha especialista en Educación Musical
- Dous especialistas en Educación Física
- Dous especialistas en Filoloxía Inglesa
- Un especialista en Filoloxía Francesa (titor de Primaria).
- Unha especialista de Audición e Linguaxe.
- Unha especialista de Pedagogía Terapéutica.
- Unha Orientadora compartida co CEIP "As Forcadas" (Corme) e o CRA "Nosa Señora do Faro"
- Unha mestra de Relixión Católica compartida co CEIP "As Forcadas" (Corme)

1.3.2.- Persoal A.T.E. (Auxiliar Técnico Educativo)

- Unha Auxiliar Técnica Educativa.

1.3.3.- Persoal non docente

- Conserxe: persoal do concello encargado dos servizos de mantemento do centro, reprografía, ...
- Servizo de limpeza dependente do concello: desenvolverán a súa actividade cando remata a xornada lectiva excepto no tempo do comedor escolar no que unha das limpadores encargase de manter limpos os sanitarios que o alumnado emprega durante o tempo da comida.
- Unha cociñeira e dúas axudantes de cociña que atenden o comedor escolar.

1.3.4.- Alumnado

Para o presente curso 2016/2017 o CEIP Eduardo Pondal conta con 205 alumnos que se distribúen como segue:

- 25 en 4º de EI
- 9 en 5º de EI
- 17 en 6º de EI
- 18 en 1º de EP
- 15 en 2º de EP
- 31 en 3º de E.P
- 30 en 4º de E.P
- 28 en 5º de EP
- 32 en 6º de EP

1.3.5.- Pais/nais/titores de alumnos/as

En trazos xerais existe unha boa relación entre estes e o centro. Todos os docentes están á súa disposición os xoves ao rematar a xornada lectiva para prestar toda a información que precisen sobre o progreso dos seus fillos e colaborar para que o seu desenrolo sexa positivo.

O ANPA do CEIP Eduardo Pondal realiza un traballo conxunto moi positivo para o centro. Participan de maneira activa na vida escolar. Aínda así, necesitan de máis pais e nais para seguir traballando.

2.- PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS

EDUCACIÓN INFANTIL

1. A etapa de educación infantil ordénase en dous ciclos. O primeiro comprende ata os tres anos, e o segundo, desde os tres aos seis anos de idade.

2. O carácter educativo dun e doutro ciclo será recollido polos centros educativos nunha proposta pedagóxica.

3. En ambos os ciclos da educación infantil atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e os hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do medio en que viven. Ademais, facilitarase que nenas e nenos elaboren unha imaxe de si mesmos positiva e equilibrada e adquiren autonomía persoal.

4. Os contidos educativos da educación infantil organizaranse en áreas correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil e abordaranse por medio de actividades globalizadas que teñan interese e significado para os nenos.

5. Correspóndelles ás administracións educativas fomentar unha primeira aproximación á lingua estranxeira nas aprendizaxes do segundo ciclo da educación infantil, especialmente no último ano. Así mesmo, fomentarán unha primeira aproximación á lectura e á escritura, así como experiencias de iniciación temperá en habilidades numéricas básicas, nas tecnoloxías da información e a comunicación e na expresión visual e musical.

6. Os métodos de traballo en ambos os ciclos basearanse nas experiencias, as actividades e o xogo e aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social.

7. As administracións educativas determinarán os contidos educativos do primeiro ciclo da educación infantil de acordo co previsto neste capítulo. Así mesmo, regularán os requisitos que teñan que cumprir os centros que impartan este ciclo, relativos, en todo caso, á relación numérica alumnado-profesor, ás instalacións e ao número de postos escolares.

EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Nesta etapa porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

2. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación e a educación en valores traballaranse en todas as áreas.

3. Co fin de fomentar o hábito da lectura dedicarase un tempo diario a ela. No CEIP Eduardo Pondal será a media hora posterior ao recreo.

3.- OBXECTIVOS

OBXECTIVOS DO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

1. Formarse unha imaxe axustada e positiva de si mesmo/a a través da interacción cos outros e da identificación gradual das propias características, posibilidades e limitacións, desenvolvendo sentimentos de autoestima e acadando unha maior autonomía persoal.

2. Coñecer e representar o seu corpo, os seus elementos e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.

3. Dominar a coordinación e o control dinámico do propio corpo, afianzando as nocións

básicas de orientación no espazo e a propia lateralidade.

4. Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, e ser quen de denominalos, expresalos e comunicarllos aos demais.

5. Desenvolver a capacidade de empatía, identificando e respectando os sentimentos, emocións e necesidades dos demais.

6. Mostrar iniciativa e unha autonomía cada vez maior na realización de tarefas sinxelas ou na resolución de problemas da vida cotiá, aceptando as pequenas frustracións e tratando de superar as dificultades que se presentan, reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo quen de solicitar axuda.

7. Adecuar o seu comportamento ás necesidades e aos requirimentos dos outros, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración e evitando comportamentos de submisión ou dominio.

8. Ter unha actitude de respecto cara ás características e calidades dos demais e valoralas, sen actitudes de discriminación en relación con calquera rasgo diferenciador, xa sexa de idade, sexo, etnia, cultura, personalidade, características físicas...

9. Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, a alimentación e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.

10. Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.

11. Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto ás demais persoas, a aceptación das regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.

ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO

1. Observar e explorar de forma activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e amosando interese polo seu coñecemento.

2. Observar os cambios e modificacións que experimentan os elementos do seu contorno e relacionalos cos factores que os producen, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade na súa conservación.

3. Iniciarse na formulación de hipóteses, buscando respostas e explicacións a feitos do medio natural, social e cultural.

4. Relacionarse cos demais de xeito cada vez máis equilibrado e satisfactorio, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.

5. Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida, xerando actitudes de confianza, respecto e aprecio.

6. Coñecer e valorar algúns elementos propios da tradición e da cultura galega.

7. Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e as súas calidades, e establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.

8. Empregar o coñecemento matemático para comprender situacións e resolver problemas da súa vida cotiá.

ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

1. Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de representación, de aprendizaxe, de gozo e de expresión de ideas e sentimentos.

2. Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais (silencios, miradas, xestos...) como elementos xenuínos da comunicación humana.

3. Iniciarse nos usos sociais da lectura e da escritura, explorando o seu funcionamento e valorándoas como instrumentos de comunicación, información e gozo.

4. Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos, con diferentes interlocutores/as e en diversidade de contextos, valorando a linguaxe como ferramenta de relación cos demais, de regulación da convivencia e de aprendizaxe.

5. Comprender as intencións comunicativas doutros nenos, nenas e adultos, adoptando unha actitude positiva cara ás linguas, tanto propias coma estranxeiras.
6. Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula, e amosar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.
7. Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos.
8. Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios, amosando actitudes de valoración, gozo e interese cara a eles.
9. Valorar a biblioteca como fonte de información e facer uso da mesma.
10. Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes e realizar actividades de representación e expresión artística mediante o emprego de diversas técnicas, avanzando no desenvolvemento da súa creatividade.
11. Desenvolver o sentimento de autoconfianza nas producións artísticas persoais, respectando e valorando tanto as propias como as dos demais.
12. Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TICs como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.

OBXECTIVOS PARA A EDUCACIÓN PRIMARIA

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.

e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua castelá e, se a houber, a lingua cooficial da comunidade autónoma e desenvolver hábitos de lectura.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e o seu coidado.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cós demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

4.- RELACIÓN DO CENTRO CON OUTRAS INSTITUCIÓNS

A.- Co centro de saúde da zona

A dirección establecerá contacto co centro de saúde para:

- Realización de campañas de saúde.
- Vacinacións.
- Información sobre risco de enfermidades.

B.- Outros Centros de Ensino

O centro manterá unha relación directa co Instituto, Escolas Unitarias e CRA do concello en relación a:

- Cuestións administrativas.

Ademais, o centro poderá establecer unha colaboración puntual con outros centros para actividades concretas:

- Competicións deportivas.
- Actividades culturais.

C.- Equipos externos de apoio

- CFORÉ de A Coruña. Participación ocasional nos programas de Formación Continuada do Profesorado.

- Centro de Formación e Recursos de Vimianzo.

D.- Concello

- Participación en actividades organizadas polo Concello (actividades deportivas, culturais, etc.)
- Colaboración do Concello en actividades do Centro coma viaxes de estudos, actividades culturais, etc.

E.- Entidades e asociacións

Ademais existen outras colaboracións puntuais con diversas entidades e asociacións , coma:

- Fundación Eduardo Pondal.
- Asociación Monte Branco do Couto.
- Asociación de Empresarios.
- ANPA
- etc.

5.- NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

- 1.1. Base legal
- 1.2. Principios xerais
- 1.3. Obrigatoriedade do regulamento
- 1.4. Elaboración e modificación do regulamento
- 1.5. Aprobación do regulamento

2. PROFESORADO

- 2.1. Adscrición
- 2.2. Dereitos e deberes
- 2.3. Condición de autoridade pública do profesorado

3. ALUMNADO

- 3.1. Admisión
- 3.2. Adscrición do alumnado aos grupos
- 3.3. Dereitos e deberes

- 3.4. Traballos extraescolares
- 4. PAIS/NAIS OU TITORES/AS LEGAIS
 - 4.1. Dereitos e deberes das nais e pais ou dos titores/as
- 5. PERSOAL NON DOCENTE
 - 5.1. Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos
- 6. RECURSOS MATERIAIS
 - 6.1. Instalacións e materiais do centro
 - 6.2. Plan de evacuación
- 7. RECURSOS FUNCIONAIS
 - 7.1. Horarios, entradas e saídas e gardas
 - 7.2. Permanencia nas aulas no tempo de recreo / Biblioteca
 - 7.3. Control e información aos país/nais
 - 7.4. Saídas e entradas ao centro en horario lectivo
 - 7.5. Acceso e permanencia de persoas alleas ao centro
 - 7.6. Atención en caso de accidente, indisposición e administración de medicamentos
 - 7.7. Comedor Escolar
 - 7.8. Réxime administrativo do centro
 - 7.9. Réxime económico do centro
- 8. NORMAS DE CONVIVENCIA
 - 8.1. Principios xerais
 - 8.2. Plan de convivencia
 - 8.3. Circunstancias paliativas ou agravantes das correccións
- 9. CONDUCTAS CONTRARIAS LEVES ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO
 - 9.1. Sancións e órganos de aplicación
- 10. CONDUCTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA DO CENTRO
 - 10.1. Sancións e órganos de aplicación
- 11. PROGRAMAS E ACTUACIÓN COMPLEMENTARIAS ÁS MEDIDAS CORRECTORAS

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Base legal

- RD. 732/1995, do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos/as alumnos/as e as normas de convivencia nos Centros (BOE do 2 de xuño de 1995).
- D. 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento das escolas de Educación Infantil e dos colexios de E.P. (DOG. 21-10-96).
- Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de E.I, dos colexios de E.P e dos C.E.I.P. (DOG 2-9-97).
- LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- LEI ORGÁNICA 2/2006 DE 3 DE MAIO DE EDUCACIÓN (LOE):

-Capítulo III. Artigo 127. O Consello Escolar do Centro terá as seguintes competencias:

f) Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar porque se atean a normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas polo/a Director/a correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia no Centro, o Consello Escolar, a instancia de pais/nais ou titores/as, poderá revisar a decisión adoptada e propoñer no seu caso, as medidas oportunas.

-Capítulo IV. Artigo 132. Competencias do Director/a.

f) Favorecer a convivencia no Centro, garantir a mediación na resolución dos conflitos e impoñer as medidas disciplinarias que correspondan aos alumnos/as, en cumprimento da normativa vixente sen prexuízo das competencias atribuídas ao Consello Escolar no artigo 127 desta Lei. A tal fin, promoverá a axilización dos procedementos para a resolución dos conflitos nos Centros.

- LEI ORGÁNICA 8/2013, do 9 de decembro, PARA A MELLORA DA CALIDADE DA EDUCACIÓN (LOMCE)

“Artigo 114. Normas de organización , funcionamento e convivencia”

1. Os centros elaborarán un plan de convivencia que incorporarán na PXA e que recollerá tódalas actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar, a concreción dos dereitos e deberes do alumnado e as medidas correctoras aplicables en caso de incumprimento con arreglo á normativa vixente, tomando en consideración a situación e condicións do alumnado, e a realización de actuacións para a resolución pacífica de conflitos con especial atención ás actuacións de prevención na violencia de xénero, igualdade e non discriminación.
2. As normas de convivencia e conduta dos centros serán de obrigado cumprimento e deberán concretar os deberes do alumnado e as medidas correctoras aplicables en caso de incumprimento, tomando en consideración a súa situación e condicións persoais.

As medidas correctoras terán un carácter educativo e recuperador, deberán garantir o respecto aos dereitos do resto de alumnos/as e procurarán a mellora nas relacións de tódolos membros da comunidade educativa.

As medidas correctoras deberán ser proporcionadas ás faltas cometidas. Aquelas condutas contra a dignidade de outros membros da comunidade educativa, que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, pu que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas terán a calificación de moi grave e levarán asociada como medida correctora a expulsión, temporal ou definitiva, do centro.

As decisións de adoptar medidas correctoras pola comisión de faltas leves serán inmediatamente corrixidas.

3. Os membros do equipo directivo e os profesores/as serán considerados como autoridade pública. nos procedementos de adopción de medidas correctoras, os feitos constatados polo profesorado e polo equipo directivo dos centros docentes terán valor probatorio e disfrutarán de presunción de veracidade «iuris tantum» ou

salvo proba do contrario, sen prexuízo das probas que, en defensa dos respectivos dereitos e intereses, podan sinalar ou aportar os propios alumnos/as.

4. As Administracións educativas facilitarán que os centros, no marco da súa anatomía, poidan elaborar as súas propias normas de organización e de funcionamento.

“Artigo 127. *Competencias do Consello Escolar.*”

O Consello Escolar do centro terá as seguintes competencias:

- a) Avaliar os proxectos e as normas aos que se refire o capítulo II do título V da LOMCE.
- b) Avaliar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do Claustro do profesorado, en relación coa planificación e organización docente.
- c) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- d) Participar na selección do director do centro en termos da presente Lei Orgánica establece. Ser informado do nomeamento e cese dos demais membros do equipo directivo. No seu caso, previo acordo dos seus membros, adoptado pola maioría de dous tercios, propoñer a renovación do nomeamento do director.
- e) Informar sobre a admisión de alumnos e alumnas, con suxeición ao establecido nesta Lei Orgánica e disposicións que a desenvolven
- f) Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios y velar para que sigan a normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas polo director correspondan a condutas do alumnado que perxudiquen gravemente á convivencia do centro, o Consello Escolar, a instancia de pais, nais ou titores legais, poderá revisar a decisión adoptada y propoñer, no seu caso, as medidas oportunas.
- g) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato e a non discriminación polas causas ás que se refire o artigo 84.3 da presente Lei Orgánica, a resolución pacífica de conflitos, e a prevención da violencia de xénero.

- h) Promover a conservación e renovación das instalacións e do equipo escolar e informar da obtención de recursos complementarios, de acordo co establecido no artigo 122.3.
- i) Informar das directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas Administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.
- j) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
- k) Elaborar propostas e informes, a iniciativa propia ou a petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa calidade da mesma.
- l) Calquera outras que lle sexan atribuídas pola Administración educativa.

“Artículo 132. *Competencias do director*”.

Son competencias do director:

- a) Ostentar a representación do centro, representar á Administración educativa no mesmo e facerlle chegar a ésta os planteamentos, aspiracións e necesidades da comunidade educativa.
- b) Dirixir e coordinar todas as actividades do centro, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Claustro de profesores e ao Consello Escolar.
- c) Exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos obxectivos do proxecto educativo do centro.
- d) Garantir o cumprimento das leis e demais disposicións vixentes.
- e) Exercer la xefatura de todo o persoal adscrito ao centro.
- f) Favorecer a convivencia no centro, garantir a mediación na resolución dos conflitos e impoñer as medidas disciplinarias que correspondan aos alumnos e alumnas, en cumprimento da normativa vixente, sen prexuízo das competencias

atribuídas ao Consello Escolar no artigo 127 desta Lei orgánica. A tal fin, promoverase a axilización dos procedementos para a resolución dos conflitos nos centros.

- g) Impulsar a colaboración coas familias, con institucións e con organismos que faciliten a relación do centro co entorno, e fomentar un clima escolar que favoreza o estudo e o desenvolvemento de cantas actuacións propicien unha formación integral nos coñecementos e valores dos alumnos e alumnas.
- h) Impulsar as avaliacións internas do centro e colaborar nas avaliacións externas e na avaliación do profesorado.
- i) Convocar e presidir os actos académicos e as sesións do Consello Escolar e do Claustro do profesorado do centro e executar os acordos adoptados, no ámbito das súas competencias.
- j) Realizar as contratacións de obras, servizos e subministracións, así como autorizar os gastos de acordo co presuposto do centro, ordenar os pagos e visar as certificacións e documentos oficiais do centro, todo iso de acordo co que establezan as Administracións educativas.
- k) Propoñer á Administración educativa o nomeamento e cese dos membros do equipo directivo, previa información ao Claustro do profesorado e ao Consello Escolar do centro.
- l) Aprobar os proxectos e as normas aos que se refire o capítulo II do título V da presente Lei Orgánica.
- m) Aprobar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do Claustro de profesores, en relación coa planificación e organización docente.
- n) Decidir sobre a admisión de alumnos e alumnas, con suxeición ao establecido nesta Lei Orgánica e disposicións que a desenvolvan.
- o) Aprobar a obtención de recursos complementarios de acordo có establecido no artigo 122.3

- p) Fixar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas Administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.
- q) Calquera outra que lle sean encomendadas pola Administración educativa.

1.2. Principios xerais

A súa finalidade é a transmisión e exercitación dos valores e hábitos de convivencia e de respecto mutuo que fan posible a vida en sociedade.

As medidas disciplinarias deberán ter un carácter educativo e contribuír ao proceso xeral de formación e recuperación do alumno, deben garantir o respecto aos dereitos do resto dos alumnos/as e procurar a mellora das relacións da Comunidade Educativa.

O Director/a do Centro é órgano competente para resolver e impoñer sancións ao alumnado. No Consello Escolar formarase unha **Comisión de Convivencia**, integrada por un profesor/a, un pai/nai e o Director/a que actuará como presidente da mesma. A Comisión de Convivencia terá como funcións:

1. Mediar nos conflitos que se produzan entre membros da Comunidade Educativa.
2. Propoñer medidas e estratexias que axuden ao cumprimento das normas de convivencia.
3. Canalizar as iniciativas de todos os sectores da Comunidade Educativa para mellorar a convivencia, o respecto mutuo e a tolerancia.

Co fin de dar cumprimento ao disposto no artigo 127 da LOE, no que se establece que o Consello Escolar ten a atribución de “coñecer a resolución dos conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar porque estas se atean á normativa vixente”, o Director/a informará ao Consello Escolar e/ou á Comisión de Convivencia das medidas disciplinarias adoptadas.

1.3. Obrigatoriedade do regulamento

Artigo 9 R/D 732/1995

O Regulamento de Réxime Interior aprobado polo Consello Escolar, que nos Centros públicos forma parte do proxecto educativo, conterá as normas de convivencia do

Centro, así como as outras normas sobre organización e participación na vida do Centro que considere necesarias o Consello Escolar.

Artigo 38 R/D 732/1995

Os alumnos/as deben respectar o proxecto educativo ou o carácter propio do Centro, de acordo coa lexislación vixente.

O profesorado ten o deber de cumprir e facer cumprir todos os puntos recollidos neste regulamento, así como asistir con puntualidade e regularmente ao colexio, formar parte dos equipos de traballo e desempeñar as función que ten encomendadas como gardas de recreo e transporte, entradas e saídas, realización das programacións, colaborar no bo uso e mantemento das instalación e material do Centro, cooperar en todo momento para que a orde e a disciplina non se vexan alteradas.

1.4. Elaboración e modificación do regulamento

O Regulamento de Réxime Interior do Centro deberá axustarse ao disposto no artigo 94 do Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria, ás disposicións que regulamentan os dereitos e deberes dos alumnos/as e ás normas estatutarias establecidas para os funcionarios/as docentes e empregados/as públicos en xeral.

A elaboración do Regulamento de Réxime Interior correspóndelle ao Equipo Directivo coas achegas que lle faga o Consello Escolar, o Claustro de Profesores/as e as asociacións de pais/nais

A modificación do Regulamento de Réxime Interior poderá facerse por iniciativa do Equipo Directivo, do Claustro ou do Consello Escolar. O proceso de modificación será o mesmo có empregado para a súa aprobación inicial.

1.5. Aprobación do regulamento

O Regulamento de Réxime Interior será elaborado polo Equipo Directivo e aprobado polo Consello Escolar. Incorporarase ao Proxecto Educativo de Centro é, polo tanto, á PXA.

2. PROFESORADO

2.1. Adscrición

O Director/a no primeiro Claustro asignaralle ciclo, curso e grupo de alumnos/as a cada un dos/as profesores/as do Centro.

A proposta do Director/a construírse sobre as tres premisas seguintes:

- Prestarlle a mellor atención posible ás necesidades do alumnado do Centro.
- Rentabilizar ao máximo o capital humano dispoñible, actualizando o potencial creativo do grupo de mestres do colexio.
- Consensuar a proposta facilitando o contraste de pareceres e a concorrencia de capacidades e esforzos.

No caso de non acadar o consenso do profesorado, o/a Director/a fará a súa proposta sobre os seguintes criterios:

- Respetar en todo caso o posto de traballo e/ou a especialidade que cada mestre/a teña asignado pola súa adscrición ao Centro.
- Respetar o dereito de cada grupo de alumnos/as a manter o mesmo titor/a durante todo o ciclo, incluíndo, evidentemente, o 2º ciclo da Educación Infantil. No suposto de que nun centro haxa varios mestres/as aspirantes ao mesmo ciclo ou curso, a proposta de adscrición farase de acordo coa seguinte orde de prioridade:
 - Maior antigüidade como propietario definitivo no Centro.
 - Maior antigüidade no corpo como funcionario/a de carreira.
 - Nota de oposición.
 - Menor número de rexistro persoal ou de orde de lista, se é o caso.
 - Excepcionalmente, cando a xuízo do Equipo Directivo existisen razóns pedagóxicas suficientes para obviar o criterio de permanencia co mesmo grupo de alumnos no ciclo, o Director/a disporá a asignación de mestre/a ou mestres/as afectados a outro ciclo, curso, área ou actividade docente, oídos o/a interesado/a e o Claustro, e coa conformidade da inspección educativa.

O profesorado que non cubra as vinte e cinco horas lectivas, o/a director/a, oído o claustro, poderá asignarlle tarefas relacionadas con:

- Atención á diversidade, a alumnos/as con dificultades de aprendizaxe ou con necesidades educativas especiais.

- Apoio a outros mestres/as.
- Gardas.

2.2. Dereitos e deberes

- Lei 4/1988 do 26 de maio da Función Pública de Galicia (D.O.G. do 1 de xuño). Modificada pola Lei 4/1991 do 8 de marzo (D.O.G. do 13), pola Lei 8/1992, do 24 de xullo (D.O.G. do 6 de agosto) e pola Lei 3/1995 do 10 de abril (D.O.G. do 20).
- Decreto 94/1991 do 20 de marzo polo que se aproba o Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios da administración da Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. do 25).
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria (D.O.G do 2 de setembro).
- Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan a organización e funcionamento de EEI, CEP E CEIP (DOG do 2 de setembro)
- Lei 39/1999 do 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras (B.O.E. do 6 de novembro).
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Orde do 7 de abril de 2008 pola que se regula o réxime de permisos e licenzas do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Anexos da orde do 7 de abril de 2008 pola que se regula o réxime de permisos e licenzas do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
 1. Solicitude de permiso para asistir a actividades de formación organizadas polas universidades, organizacións sindicais, asociacións profesionais ou similares.
 2. Anexo IV. Concesión de Permisos e Licenzas
 3. Anexo V. Concesión de Permisos e Licenzas
 4. Anexo VI. Relación da documentación esixida para os permisos e licenzas regulados na orde do 5 de marzo de 2008 pola que se regula o réxime de permisos e licenzas do persoal

docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

- Orde de 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na LOE.

- LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

A LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no TÍTULO II, artigo 8, dita o seguinte:

1. Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.

d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.

e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.

f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

2. Son deberes do profesorado:

a) Respectar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á

convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.

e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

2.3. Condición de autoridade pública do profesorado

Dita Lei de Convivencia no TÍTULO III, CAPÍTULO I, artigo 11 establece:

1. No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.

2. No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.

3. O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta for menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18

anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

3. ALUMNADO

3.1. Admisión

A admisión de alumnos/as nos Centros sostidos con fondos públicos non poderá establecer ningunha discriminación por razón ideolóxica, relixiosa, moral, de raza, sexo, nacemento ou calquera outra circunstancia de carácter persoal ou social.

Para a admisión de alumnos/as na Educación Infantil e Primaria observárase o disposto no Decreto 30/2007, do 15 de marzo (DOG do 16-03-2007), así como na Orde do 17 de marzo de 2007, (DOG do 19 de marzo de 2007) que regula o procedemento para a admisión de alumnos en Educación Infantil, Primaria e Secundaria obrigatoria nos Centros sostidos con fondos públicos.

3.2. Adscrición do alumnado aos grupos

Nos cursos onde haxa máis dunha aula repartiranse os nenos e nenas seguindo as seguintes premisas:

- ✎ Paridade entre nenos e nenas partindo da orde alfabética.
- ✎ Repartir o alumnado repetidos.
- ✎ Repartir o alumnado con NEAE (a criterio do Departamento de Orientación).

Farase unha nova reestruturación cada cambio de ciclo sempre que se estime oportuno.

3.3. Dereitos e deberes

A LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no TÍTULO II, artigo 7, dita o seguinte:

1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.

c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.

d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

2. Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.

b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.

c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.

e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.

f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.

g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.

h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

3.4. Traballos extraescolares

1. Con carácter xeral, os centros evitarán que os alumnos/as se vexan obrigados a realizar traballos suplementarios fóra da xornada escolar.

2. En casos excepcionais, e con carácter transitorio, o profesorado poderalles propoñer a realización de actividades incluídas no currículo do ciclo a aqueles alumnos/as do segundo e terceiro ciclos de educación primaria que por ausencia prolongada, ou outras razóns, non poidan seguir o ritmo normal de traballo dos alumnos/as da súa clase.

3. Os traballos que lles propoñan a estes alumnos/as dirixiranse ao mellor aproveitamento educativo do tempo libre e ao desenvolvemento da súa creatividade e sociabilidade. Serán

acordes coas características específicas de cada alumno/a e respectarán, en todo caso, as súas necesidades lúdicas, de convivencia familiar e de descanso.

4. Ocasionalmente poderáselles encargar aos alumnos/as a realización de actividades tales como:

- Lectura e comentario de libros axeitados á idade do alumno.
- Busca e recollida de datos ou materiais para a realización de traballos na aula.
- Lectura de noticias de prensa e audición de programas de radio ou televisión.
- Preparación de traballos para a xornal escolar.
- Audicións musicais.
- Realización de traballos de plástica.

5. En ningún caso se lles propoñerán traballos extraescolares aos alumnos/as de educación infantil.

4. PAIS/NAIS OU TITORES/AS LEGAIS

4.1. Dereitos e deberes das nais e pais ou titores/as

A LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no TÍTULO II, artigo 6, dita o seguinte:

1. As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes:

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

5. PERSOAL NON DOCENTE

5.1. Dereitos e deberes do persoal de administración e servizos

A LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no TÍTULO II, artigo 9, dita o seguinte:

1. Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:
 - a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
 - b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
 - c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
 - d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
 - e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
2. Son deberes do persoal de administración e de servizos:
 - a) Respectar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
 - b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

- c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

6. RECURSOS MATERIAIS

6.1. Instalacións e materiais do centro

As instalacións do Centro poderán ser utilizadas polo profesorado e alumnado dentro do horario lectivo e fóra, previo coñecemento e autorización do Director/a.

- Para a utilización das instalacións dun centro público por parte de entidades ou persoas alleas á Comunidade escolar do centro, presentárase a solicitude ante a dirección do centro, que solicitará do consello escolar o preceptivo informe para a súa posterior tramitación á Xefatura Territorial de Educación, que resolverá o que proceda, logo do informe da inspección educativa. Para uso ocasional e con carácter excepcional, o director/a poderá autorizar o uso das instalacións sempre que non se altere o normal desenvolvemento das actividades docentes.
- A utilización das instalacións por parte das asociacións de pais/nais de alumnos, asociacións de antigos alumnos e as súas respectivas federacións, sindicatos, movementos de renovación pedagóxicas e grupos de profesores, só require a solicitude previa ao director/a do centro, cunha antelación mínima de tres días, quen concederá a autorización, no marco das directrices fixadas polo consello escolar, se o seu destino é a finalidade propia das ditas institucións, sempre que non se altere o normal funcionamento do centro.

En canto ao material existente, poderá ser utilizado por todo o profesorado e alumnado do Centro, así como tamén o uso dalgunhas aulas como a biblioteca, a aula da pizarra dixital, etc.....

6.2. Plan de evacuación

No Regulamento de Réxime Interior e na Programación Xeral Anual debe incluírse un Plan de Autoprotección, deseñado polo Centro no que se detallen os mecanismos e medios

dispoñibles para facer fronte ante calquera incidencia que afecte á seguridade dos alumnos/as, profesores/as e demais persoas, así como das instalacións escolares.

Todas as persoas que forman a Comunidade Educativa deben coñecer a existencia deste plan e os mecanismos da súa posta en funcionamento, ao que lle debe dar publicidade a dirección do Centro. A súa publicidade reiterada e os simulacros de posta en funcionamento contribuirán a garantir a protección dos alumnos/as, pais/nais, mestres/as e persoal laboral do Centro.

7. RECURSOS FUNCIONAIS

7.1. Horarios, entradas e saídas e gardas

HORARIO:

- **Setembro e xuño:** 09:15h - 14:15h Xornada continuada
14:15h - 15:15h Comedor
- **Outubro - maio:** 09:30h - 13:00h Xornada de mañá
13:00h - 15:00h Comedor
15:00h - 16:30h Xornada de tarde

Horario lectivo

A xornada semanal do persoal funcionario docente e persoal laboral que imparte as ensinanzas de educación infantil, educación primaria e educación especial será de trinta e sete horas e media, das cales dedicaranse trinta horas ás actividades do centro con presenza no mesmo. Das ditas horas, 25 terán carácter lectivo, a razón de cinco horas diarias, de luns a venres.

Computarán como horario lectivo as gardas, as gardas de recreo e as gardas para custodiar ao alumnado no período de tempo que transcorre desde a chegada do alumnado transportado e o inicio da actividade lectiva e desde que rematan as actividades escolares ata a saída do transporte escolar.

Horario non lectivo

O horario de dedicación directa ao centro que non corresponda a tarefas lectivas destinarase, entre outras, a actividades relacionadas coas titorías e orientación do alumnado,

titorías de pais e nais, gardas cando non teñan o carácter de lectivas, reunións de equipos de ciclo, departamento, sesións de avaliación, dinamizacións, participación en reunións de órganos colexiados e reunión para a elaboración ou modificación de documentos de planificación e para a súa avaliación.

Os/as mestres/as de Ed. Infantil adaptan os tempos de lecer ao ritmo e ás características dos seus alumnos/as. Os/as alumnos/as de tres anos teñen un período de adaptación, establecido polo calendario escolar da Consellería de Educación e O.U., no que os/as mestres/as, en coordinación cos pais/nais, deseñan os horarios de entrada e saída segundo as necesidades individuais do alumnado.

Entradas e saídas

Para as entradas e saídas tocará a sirena para que o alumnado se coloque na súa respectiva fila, que esperará ata que o titor/a ou profesor/a que lle imparta clase acuda á mesma. As entradas deben facerse ordenadamente.

Entrada:

- Educación Infantil e 1º ciclo de Primaria: Patio Castelao (piscina).
- Alumnado 2º e 3º ciclo de Primaria: Patio Rosalía de Castro (bandeiras).

Saída e Entrada do Recreo:

As saídas ao recreo deben realizarse tamén coa máxima orde posible, acompañando o profesor/a ata o patio aos alumnos/as. Nos recreos o alumnado non permanecerá nas aulas, agás acompañados por algún profesor/a.

A entrada do recreo de cada grupo á súa aula será vixiada e acompañada polo/a profesor/a que lle corresponde impartir clase na sesión que sigue ao recreo.

Gardas de recreo e transporte:

Cada día da semana estarán de garda cinco mestres, dous do patio Rosalía de Castro (bandeiras) e tres do patio Castelao (piscina). Un mestre do patio Castelao (piscina) recibirá aos nenos/as do transporte escolar no portal de acceso ao recinto escolar, xunto có conserxe, no momento en que este se abra quedando os catro mestres restantes repartidos da seguinte maneira:

- Os dous do patio Castelao un no patio cuberto e outro na pista.
- Os dous do patio Rosalía de Castro un na rampa de subida e outro no patio cuberto.

Durante os recreos establécense dúas zonas de vixilancia no patio Rosalía de Castro (patio cuberto e pista deportiva patio ESO) e tres no patio Castelao (areeiro, zona de xogos/pista deportiva e patio cuberto/baños).

A maiores, o persoal da Biblioteca turnarase para facer a garda de biblioteca durante o tempo de recreo.

Saída:

En Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria baixarán ao patio Castelao cinco minutos antes de saír e colocaranse en cinco filas: catro correspondentes a cada liña de autobús debidamente sinalizadas e unha cs nenos/as que recollen os seus pais/nais na porta. Os cinco mestres que impartiron clase na última sesión serán os que acompañen ás filas ata a porta. Un mestre/a por fila. Na porta terán que estar os familiares e os cuidadores do autobús para recibir aos alumnos/as.

O alumnado do 2º e 3º ciclo de primaria dirixirase ao transporte escolar acompañados polo mestre/a que impartiu a última sesión en cada un dos grupos. Sairán polo patio Castelao despois de facelo os de infantil e primeiro ciclo de primaria.

Cambios de clase durante a xornada lectiva:

É necesario que o profesorado do centro realice os cambios de clase coa máxima puntualidade posible. O profesorado especialista recollerá os nenos/as nas súas respectivas aulas.

7.2. Permanencia nas aulas no tempo de recreo. Biblioteca

O alumnado ten prohibido quedar nas aulas durante o tempo de recreo si non están acompañados por un mestre. Así mesmo tampouco poden deambular libremente polos corredores.

Durante este tempo poderán asistir ás actividades propostas polo profesorado sempre que estes estean presentes (inglés, música, ...).

Así mesmo poderán facer uso da biblioteca para solicitar o préstamo de libros. O profesor que estea de garda na biblioteca acompañará ao patio a aqueles nenos/as que xa fixeron o préstamo. Os que non baixen permanecerán na biblioteca durante todo o recreo.

7.3. Control e información aos pais/nais

Con respecto ás faltas de puntualidade e ausencias á clase por parte dos alumnos/as, o/a profesor/a titor/a tomará nota, e se o número de faltas é significativo, deberá comunicalo á Dirección para tomar as medidas oportunas . As faltas de asistencia quedarán reflectidas nos boletíns informativos de cada unha das avaliacións. Os alumnos/as quedan obrigados/as a asistir regularmente á clase e chegar á mesma con puntualidade, agás por causa xustificada. Os titores/as deberán entregar en Xefatura de Estudos o rexistro mensual das faltas do alumnado.

7.4. Saídas e entradas ao centro en horario lectivo

Aqueles pais/nais que, por algunha circunstancia, necesiten sacar ao seu fillo/a do centro durante o horario escolar, ou o traen máis tarde da hora de entrada, deben cubrir un impreso de autorización de saída/entrada que hai en conserxería.

As excursións ou saídas en horario lectivo serán previamente informadas aos pais/nais. Solicitaranse autorizacións para as saídas. O alumno/a que non entregue a autorización non poderá participar nas citadas saídas.

O Centro solicitará aos pais o custo de transporte ou calquera outro gasto que orixine a saída.

7.5. Acceso e permanencia de persoas alleas ao centro

Ningunha persoa, agás alumnado, profesorado, ANPA (previa petición ao Director/a), ou casos moi puntuais, poderá permanecer nas instalacións do Centro en horario lectivo, unicamente no caso de teren que realizar algunha xestión. Do mesmo xeito queda prohibido o acceso ás aulas a calquera persoa que non sexa profesor/a ou alumno/a do Centro, excepto no caso de entrevista persoal co profesorado. Estas entrevistas realizaranse previa petición da parte interesada e nas horas sinaladas para tal fin.

7.6. Atención en caso de accidente, indisposición e administración de medicamentos

No caso de que algún neno/a resulte accidentado/a no Centro, procederase a comunicalo rapidamente aos pais ou titores e se estes non están localizables ou non poden acudir coa máxima rapidez, calquera membro da Comunidade Escolar, que estea a disposición do Centro, trasladará ao alumno/a a un Centro asistencial. Cómpre chamar previamente ao 112 ou ao 061 para solicitar axuda e/ou notificación do accidente e desprazamento ao hospital.

Se o/a alumno/a estivese incluído no programa de Alerta Escolar, seguirase o protocolo de actuación establecido. Todo o profesorado conta coa información adecuada e actualizada para poder actuar en consecuencia.

En Secretaría hai un ficheiro con copia de todas as tarxetas sanitarias que o alumnado achega coa matrícula.

En caso de indisposición do alumnado avisarase por teléfono ás familias para que o veñan a recoller. Mentres esperan os nenos/as permanecerán nas súas aulas.

A administración de medicamentos por parte dos membros da comunidade educativa ao alumnado virá documentada có correspondente formulario e unha fotocopia da receita médica.

7.7. Comedor Escolar

O funcionamento do Comedor Escolar de xestión directa có que conta o CEIP Eduardo Pondal de Ponteceso posúe o seu propio Regulamento aprobado polo Consello Escolar.

7.8. Réxime administrativo do centro

De acordo co disposto no artigo 35 do Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria, correspóndelle ao Secretario/a a responsabilidade de ordenar o réxime administrativo do Centro, de conformidade coas directrices do Director/a, así como levantar as actas das reunións dos órganos colexiados de goberno e da comisión económica, custodiar os arquivos do Centro, expedir as certificacións co visto e praxe do Director/a, manter actualizado o inventario xeral do Centro (no inventario das titorías e das especialidades colaborarán os mestres/as correspondentes) e demais actos administrativos que se relacionan neste apartado.

7.9. Réxime económico do centro

De acordo co disposto no título V do Regulamento das escolas de Educación Infantil e Primaria, os ditos Centros disporán de autonomía na xestión económica dos recursos de acordo coa normativa vixente.

A aprobación e xustificación e dos gastos de funcionamento realizaranse de acordo co que dispón o Decreto 464/1987, do 17 de decembro (DOG do 31 de decembro), e maila Orde do 12 de xaneiro de 1988 (DOG do 21 de xaneiro).

No mes de decembro de cada ano o Director/a presentaralle ao Consello Escolar, para a súa aprobación, tantas contas xustificativas como entidades aporten fondos durante o ano natural.

Antes do 31 de xaneiro do ano seguinte os Directores/as remitirán á Xefatura Territorial unha copia certificada polo/a Secretario/a da conta xustificativa dos fondos recibidos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como o estado resumo delas.

8. NORMAS DE CONVIVENCIA

8.1. Principios xerais

- Ningún alumno/a poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin do seu dereito á escolaridade (na educación obrigatoria).
- Non poderá impoñerse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal dos alumnos/as.
- A sanción deberá ser proporcional á conduta.
- Terase en conta a idade do alumno/a e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumno/a antes de resolver o procedemento corrector.
- Poderán corrixirse actos contrarios ás normas de convivencia realizados no recinto escolar así como fóra del se están relacionadas coa vida escolar.
- Serán tamén obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

8.2. Plan de convivencia

Durante o curso 2015-2016 foi elaborado o Plan de Convivencia atendendo á nova normativa.

Este documento baséase principalmente na prevención de conflitos e situacións que dificulten a convivencia e preséntase como un documento vivo que pode ser aplicado directamente polo profesorado na aula, adaptándoo, loxicamente, á idade do grupo clase.

É, por todo o dito, imprescindible que o profesorado conte con este valioso plan e o empregue de maneira periódica. O departamento de orientación coordinará a aplicación e modificación do mesmo.

8.3. Circunstancias paliativas ou agravantes das correccións

Paliativas:

- Recoñecemento espontáneo da súa conduta incorrecta.
- Falta de intencionalidade.

Agravantes:

- Premeditación e reiteración.
- Causar dano, inxuria ou ofensa aos compañeiros/as de menos idade, aos acabados de incorporarse ao Centro, alumnado doutro sexo, nacionalidade ou raza, alumnado con algún tipo de discapacidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

9. CONDUCTAS CONTRARIAS LEVES ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

- Retrasos reiterados de puntualidade.
- Faltas inxustificadas a clase.
- Actos de indisciplina ou ofensas leves a calquera membro da Comunidade Educativa.
- Agresións leves sen premeditación.
- Danos leves ao mobiliario ou materiais do Centro ou dos compañeiros/as.
- Incumprimento de actividades ou tarefas encargadas polo profesorado.
- Actos ou actitudes que impidan o traballo dos demais.
- Falta de hixiene persoal.
- Incumprimento das normas de orde e limpeza nas entradas e saídas no colexio, aulas, recreos e instalacións comúns.

- A entrada nas aulas en períodos non lectivos.
- A asistencia ás clases sen o material escolar preciso sen xustificación suficiente.
- Uso do teléfono móbil no Centro.
- Uso de consolas tipo PSP, Nintendo DS ou similares.
- Uso de reprodutores de música/vídeo (mp3, mp4,...) así como todos aqueles aparellos electrónicos dirixidos ao tempo de lecer.
- Uso de cámaras de fotos fóra das celebracións pedagóxicas e aínda dentro destas fotografar ao alumnado que non teñen permitido o uso da súa imaxe persoal.
- Venta de rifas, lotería ou similares por parte do alumnado.
- Incumprimento dunha sanción das consideradas leves.

9.1. Sancións e órganos de aplicación

PODERÁN SER CORREXIDAS CON:

SERÁN COMPETENTES:

A/ Amoestación privada ou por escrito.

B/ Comparecencia inmediata ante a Xefatura de Estudos.

C/ Realización de traballos específicos en horario lectivo.

D/ Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou material do centro ou ás pertenzas doutros membros da Comunidade Educativa.

E/ Suspensión do dereito a participar en Actividades Extraescolares ou complementarias do centro (ata 2 semanas).

F/ Cambio de grupo do alumno/a por un prazo máximo de unha semana.

G/ Suspensión do dereito de asistencia a

Os profesores. Oído o alumno/a e informados o titor/a e o Xefe/a de estudos.

Entregar en dirección o **Parte de**

incidencias.

A-B-C

O titor/a dando conta ao Xefe/a de estudos. Entregar en dirección o **Parte de incidencias.**

A-C-D-E-F

Xefe/a de Estudio ou Director/a. Oído o alumno/a, titor/a, profesor/a. Entregar en

determinadas clases por un prazo máximo de tres días. O alumno/a realizará os traballos formativos oportunos.

H/ Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante un período máximo de tres días lectivos. O alumnado realizará traballo na casa.

dirección o **Parte de incidencias**.

G-H

Director/a. Oído o alumno/a, titor/a, profesor/a. A imposición destas medidas comunicarase á nai/pai ou titor/a antes de que se fagan efectivas. Así como ao Observatorio de Convivencia Escolar.

As condutas leves contrarias ás normas de convivencia prescriben ao mes da súa comisión.

10. CONDUCTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA DO CENTRO

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da lei 4/2011 do 30 de xuño.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 desta lei cando se é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

10.1. Sancións e órganos de aplicación

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro.

Será necesaria a tramitación dun expediente.

TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES DISCIPLINARIOS (Artigo 25, LEI 4/2011)

FASE OU ACTO	ÓRGANO-PERSOA	PRAZO-DURACIÓN
Recollida de información	Director/a	10 días dende o coñecemento dos feitos.
Acordo de incoación (e comunicación a pai/nai ou titor/a e á inspección educativa) (1)	Director/a	O anterior.
Designación INSTRUCTOR/A (e comunicación) (1)	Director/a	O anterior
Instrución do Expediente	Instrutor/a (un profesor/a)	7 días
Adopción de medidas provisionais (2)	Director/a (decisión propia ou proposta do instrutor/a)	Ao principio ou durante a tramitación.
Audiencia (3)	Instrutor/a. Pode estar presente o director/a.	Rematada a instrución.
Resolución (4)	Director/a	Un mes dende a iniciación. Notificarase nun prazo máximo de 12 días lectivos ás familias e á inspección educativa.

(1) Esta comunicación farase ao alumno/a e aos seus pais, titores ou responsables. Nesta comunicación debe indicarse a posibilidade de recusación do instrutor/a. Debe quedar constancia da comunicación.

(2) Previa instrución dun expediente ou en calquera momento da tramitación, poderanse aplicar as seguintes correccións:

- Tarefas para a mellora ou reparación.
- Expulsión das Actividades Extraescolares.

- Cambio de grupo.
 - Expulsión de clases (período non superior a 5 días).
 - Expulsión do centro (3 días lectivos – 1 mes). O Consello Escolar poderá levantala.
- (3) Nesta audiencia comunicaráse ao alumno/a e pais as condutas que se lle imputan e as correccións propostas.

(4) Esta resolución comunicaráse ao alumno/a e pais e nela indicárase a posibilidade de recurrir diante da Xefatura Territorial no prazo dun mes.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no Centro prescribirán aos catro meses. As correccións impostas prescribirán ao remate do curso escolar.

11. PROGRAMAS E ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS ÁS MEDIDAS CORRECTORAS

1. Como complemento das medidas correctoras previstas nesta sección, o departamento de orientación de cada centro docente elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así mesmo, elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como consecuencia

da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

2. Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

3. Crearanse as aulas de convivencia inclusiva, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

6.- MODIFICACIÓNS DO PE

As modificacións do PE serán realizadas polo Consello Escolar a proposta dalgún dos seus membros previamente informada polos distintos sectores da Comunicación Educativa.

O procedemento para a introdución de modificacións será o seguinte:

- Calquera membro da Comunidade Educativa, de xeito individual ou colectivo, poderá presentar INICIATIVAS DE MODIFICACIÓN perante o órgano colexiado ou representante no Consello Escolar.

- Cada sector da Comunidade Educativa estudará e informará as iniciativas presentadas e as elevará a PROPOSTAS DE MODIFICACIÓN.

- Tódalas iniciativas e propostas de modificacións serán entregadas e rexistradas na dirección do centro.

- Finalmente o Consello Escolar estudará as propostas presentadas e resolverá enmendar ou non o PE.

Este procedemento realizarase no mes de xuño.

Anexo II: PROXECTO LINGÜÍSTICO

ÍNDICE:

1. **Compoñentes do EDLG no curso 2016-2017**
2. **Obxectivos xerais**
3. **Materias e lingua na que se imparten**
4. **A lingua materna en Educación Infantil**
5. **Medidas adoptadas para o alumnado que non teña suficiente dominio da lingua acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas**
6. **Liñas deseñadas polo EDLG para o fomento da lingua galega**

1. **COMPOÑENTES DO EDLG**

O equipo de dinamización da lingua galega constitúese no curso 2016-2017 polos seguintes membros/as:

- Dona Rocío Alvarellos Souto, representando ao equipo de educación infantil.
- Don Carlos José Blanco Díaz, representando ao 1º ciclo de primaria.
- Dona Iria Couso Domínguez e Dona M^a Belén González Castro representantes do 2º ciclo de educación primaria
- Dona Andrea Liñares Pazos, representante do 3º ciclo de primaria.
Actúa como coordinadora do equipo Iria Couso Domínguez.

2. **OBXECTIVOS XERAIS**

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, os obxectivos xerais propostos polo EDLG para o longo do curso escolar, son os seguintes:

- Fomentar a lectura de libros en galego e difundir as novidades editoriais e o coñecemento de autores en lingua galega.
- Dar a coñecer á comunidade escolar a vida e a obra do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2016, Carlos Casares.

- Colaborar nas actividades de dinamización lingüística do Concello de Ponteceso, potenciando a participación do alumnado e con calquera outra actividade promovida durante o curso pola Xunta de Galicia ou calquera outro organismo.
- Confeccionar a revista escolar O Bardo en idioma galego e a difusión da mesma entre a comunidade escolar.
- Dar a coñecer a lingua galega entre o alumnado foráneo e traducir ao galego material de apoio para este alumnado.
- Colaborar con outros centros de ensino de infantil e primaria na elaboración de actividades comúns.
- Favorecer o coñecemento da vida e obra de Carlos Casares, mediante o uso das novas tecnoloxías.
- Dar a coñecer as nosas actividades mediante o uso das novas tecnoloxías.
- Potenciar a transmisión idiomática e a creación literaria en galego entre alumnado e familias.
- Potenciar as actividades artísticas en lingua galega, nomeadamente o teatro, a canción, o recitado e a narración.
- Dotar de material bibliográfico ou informático ao profesorado do centro.
- Difundir a conmemoración do Día das Letras e da vida e a obra de Carlos Casares.
- Integrarse na Coordinadora de EDLG de centros educativos de Galicia e participación nas súas campañas de divulgación.
- Dotar ás bibliotecas de aula de novidades editoriais en lingua galega.

3. MATERIAS E LINGUAS NA QUE SE IMPARTEN

1.º Curso de EP, 12 horas: 4 de Lingua Galega, 3 de Ciencias Sociais, 2 de Ciencias Naturais, 2 de Educación Artística e 1 de Relixión ou Valores Cívicos e Sociais.

2.º Curso de EP, 12 horas: 4 de Lingua Galega, 2 de Ciencias Sociais, 2 de Ciencias Naturais, 2 de Educación Artística e 2 de Relixión ou Valores Cívicos e Sociais.

3.º Curso de EP, 12 horas: 4 de Lingua Galega, 3 de Ciencias Sociais, 2 de Ciencias Naturais, 2 de Educación Artística e 1 de Relixión ou Valores Cívicos e Sociais.

4.º Curso de EP, 11 horas: 4 de Lingua Galega, 2 de Ciencias Sociais, 2 de Ciencias Naturais, 2 de Educación Artística e 1 de Relixión ou Valores Cívicos e Sociais.

5.º Curso de EP, 11 horas: 4 de Lingua Galega, 2 de Ciencias Sociais, 2 de Ciencias Naturais, 2 de Educación Artística e 1 de Relixión ou Valores Cívicos e Sociais.

6.º Curso de EP, 11 horas: 3 de Lingua Galega, 3 de Ciencias Sociais, 2 de Ciencias Naturais, 2 de Educación Artística e 1 de Relixión ou Valores Cívicos e Sociais.

4. A LINGUA MATERNA EN EDUCACIÓN INFANTIL

En cursos anteriores realizáronse no colexio enquisas sobre a lingua materna en Educación Infantil. Como conclusión a estas enquisas podemos deducir que *a lingua materna predominante no CEIP Eduardo Pondal é o galego.*

5. MEDIDAS ADOPTADAS PARA O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DA LINGUA ACADE A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA PROPIA DO NIVEL EN AMBAS

- ❖ Alumnado con descoñecemento dunha das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Entrega e/ou adaptación de material apropiado á situación socio-lingüística e escolar do alumnado.
- Ler textos seleccionados que faciliten a familiarización coas estruturas básicas e coa semántica así como a velocidade lectora en lingua galega.
- Utilización de aplicacións informáticas favorecedoras da aprendizaxe e uso das linguas.

- ❖ Alumnado con descoñecemento das dúas linguas oficiais:
 - Tras unha avaliación inicial co asesoramento e participación do D.O., establecerase o grao de descoñecemento das dúas linguas e determinaranse as medidas a aplicar.
 - Sempre que as condicións do centro o permitan desdobraranse as aulas.
 - Procurarase proporcionarlle unha atención o máis individualizada posible por parte do titor/a e sempre que as condicións do centro o permitan co especialista de PT, AL ou outros docentes.
 - Elaboración de material lingüístico adaptado na medida do posible coa colaboración e asesoramento do departamento de orientación
 - O centro promoverá a creación dun voluntariado formado por alumnos e alumnas de cara á recepción de nenos e nenas con descoñecemento das linguas oficiais co fin de facilitar a súa integración.

6. ACTIVIDADES DISEÑADAS POLO EDLG PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

- Edición de un tríptico con recomendacións literarias en galego para cada un dos ciclos de primaria e infantil que inclúa unha breve biografía dun autor ou autora, coincidindo coas vacacións de inverno.

- Edición dun díptico coa biografía do autor homenaxeado e unha pequena escolma da súa obra.

- Elaboración e edición de material didáctico para dar a coñecer vida e obra d Carlos Casares, con actividades dirixidas a infantil e aos tres ciclos de primaria.

- Edición dun marcapáxinas conmemorativo do día das Letras Galegas e de Carlos Casares elaborado polo alumnado do centro.
- Edición de material didáctico sobre o Samaín, Magosto e Entroido para o profesorado de infantil e primaria, en colaboración co EACE.
- Difusión e organización no centro das diferentes iniciativas que o Concello de Ponteceso, a Xunta de Galicia ou calquera outro organismo poidan ofrecer.
- Edición dun número da revista escolar O Bardo, coincidindo co final de curso.
- Publicación na páxina WEB do centro de todo o material, en formato PDF, elaborado por este EDLG: dípticos, trípticos, xornal escolar, convocatorias...
- Organización do intercambio de lecturas terroríficas coincidindo co Samaín.
- Colaboración na preparación de actividades para os festivais que se celebren no centro, nomeadamente no de inverno e no das Letras Galegas.
- Organización da actividade “Conto viaxeiro” na semana das Letras Galegas.
- Adquisición de material bibliográfico ou informático para o profesorado.
- Exposición, mediante paneis, sobre o significado do Día das Letras, a biografía de Carlos Casares, fragmentos das súas obras, bibliografía sobre este autor e realización de actividades «in situ» por equipos.
- Distribución de información sobre o uso do idioma galego e do seu fomento xerada pola Coordinadora así como publicar as nosas actividades na súa páxina web.

Anexo III: REGULAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR

I OBXECTIVOS

- 1.- EDUCACIÓN PARA A SAÚDE
- 2.- EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA
- 3.- EDUCACIÓN PARA O OCIO

II COLABORADORES DE COMEDOR

III NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

IV NORMAS DE CONVIVENCIA

- 1.- HIXIENE
- 2.- ORGANIZACIÓN E COMPORTAMENTO
- 3.- ALIMENTACIÓN
- 4.- TEMPO LIBRE

V FALTAS E SANCIONES

I OBXECTIVOS

O Comedor Escolar é un servizo educativo complementario, que debe atender á consecución dos seguintes obxectivos:

1. Educación para a saúde:
 - Fomentar e desenrolar hábitos persoais de hixiene e boa alimentación.
 - Poñer en práctica normas hixiénicas e sanitarias.
 - Iniciarse en gustos variados e na degustación de todo tipo de alimentos.
 - Manter posturas correctas na mesa.
 - Adquirir e poñer en práctica hábitos relacionados coas normas de educación básicas.

- Valorar os alimentos, que teñen un custo, así coma o traballo das persoas na elaboración.

2. Educación para a convivencia:

- Adquirir e poñer en práctica hábitos de convivencia e cooperación nas tarefas comúns.

- Espertar nos alumnos hábitos de cooperación, colaborando en tarefas de servizos de Comedor: poñer e retirar os servizos...

- Lograr un comportamento correcto na mesa.

- Coidar e respectar os locais, mobiliario, alimentos e utensilios de uso comunitario.

3. Educación para o ocio:

- Crear hábitos e proporcionar estratexias para a utilización correcta do tempo libre.

- Planificar actividades de ocio e tempo libre que colaboren no desenvolvemento da personalidade e ao fomento de hábitos sociais e culturais.

II COLABORADORES DO COMEDOR ESCOLAR

a) ELECCIÓN

1.- Corresponde á Dirección do centro a elección de colaboradores no comedor escolar.

2.- No mes de xuño farase unha convocatoria para a elección de colaboradores para o curso seguinte.

3.- O nomeamento de colaboradores será para un curso escolar.

4.- Ao comezo do curso preguntárase ao profesorado se hai algún mestre colaborador do Comedor Escolar. En caso de ter mestres colaboradores, terán preferencia sobre os elixidos no xuño anterior.

5.- Poderán ser colaboradores de comedor os pais, nais e titores legais.

b) OBRIGAS

1.- Os colaboradores teñen a obriga de respectar a todos os usuarios do Comedor Escolar.

2.- Os colaboradores deberán facer cumprir as Normas Xerais de Funcionamento, e as Normas de Convivencia, xulgar as faltas e impoñer as sanción ás que estean autorizados.

3.- Os colaboradores trasladarán á dirección as faltas que excedan da súa responsabilidade.

4.- Os colaboradores teñen a obriga de escoitar aos alumnos nas súas demandas e resolver as situacións.

5.- Os colaboradores deberán atender aos nenos/as durante o tempo de lecer.

c) DEREITOS

1.- Os colaboradores teñen dereito a ser respectados por todos os usuarios do Comedor Escolar.

2.- Os colaboradores teñen dereito a xulgar as faltas e impoñer as sanción ás que estean autorizados.

3.- Os colaboradores terán dereito a unha gratificación polo seu labor, segundo o establecido pola Consellería de Educación.

4.- Os colaboradores teñen dereito a comer no comedor escolar (gratuidade) nos días que colaboren.

d) RESPONSABILIDADES

RESPONSABILIDADE DOS COIDADORES/AS DO COMEDOR:

A atención educativa, apoio e vixilancia dos alumnos/as que fan uso do servizo de comedor, será responsabilidade dos coidadores/as, que deberán realizar as seguintes funcións:

- Prestarán atención á limpeza e hixiene dos escolares, antes e despois de comer.
- Procurarán que os nenos/as coman os menús completos, incluso aquelas comidas que lles son menos apetitosas, pero imprescindibles para unha alimentación equilibrada.
- Controlarán que os pequenos/as con alerxias e intolerancias declaradas coman os menús alternativos.
- Non se responsabilizarán da administración de medicamentos complexos, e só coa autorización dos pais/nais, o farán con outros cando sexa necesario.

- Atenderán aos nenos/as no caso no que se sufran algunha incidencia e o comunicarán inmediatamente á Dirección do Centro, quen o porá en coñecemento dos titores/as correspondentes.
- Educarán no referente ao comportamento na mesa, promovendo condutas adecuadas de alimentación, hixiene e relación social: sentarse ben, empregar adecuadamente os cubertos, comer coa boca pechada, non sacar os alimentos fora do prato, facer uso do pano, conversar en voz baixa,...
- Informarán á Dirección do Centro de todas as incidencias serias e/ou reiteradas, tanto na hora da comida coma nas actividades lúdicas de antes e despois, quen falará coa familia para así poder adoptar algunha medida de forma conxunta.
- Vixiarán o xogo libre dos rapaces/zas, tratando que se desenvolvan con normalidade; e proporán xogos e actividades colectivas, respectando as zonas do Centro destinadas a este fin.
- No permitirán o acceso ao resto de dependencias do Centro, salvo casos especiais
- O Encargado do Comedor ou no seu defecto unha persoa responsable, porase en contacto coa familia cando detecten que algún neno/a presenta síntomas de enfermidade ou outra situación na que se vexa a necesidade de realizar dita chamada pola propia seguridade e atención ao alumno/a. Informarase desta circunstancia á Dirección do Centro, quen o poñerá en coñecemento dos titores/as correspondentes.
- Deberán informar, sempre que o solicite o titor/a, do progreso dun determinado alumno/a, tanto no ámbito dos hábitos de alimentación como no das actitudes. Isto poderá facerse en calquera momento ao largo do curso, aínda que tendo en conta que o seguimento de cada comensal farase unha vez por trimestre, cando coidadores/as e encargados/as realizarán unha sesión de avaliación.

III NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

- 1.- O Comedor Escolar comezará e rematará cada curso segundo o establecido pola Consellería de Educación.
- 2.- O número de prazas de comedor se fixa en 196 comensais e unha quenda.
- 3.- O horario de comedor será de 14:15h a 15:15h nos meses de xuño e setembro, e de 13:00h a 15:00h durante os meses de outubro a maio. Por seguridade as portas do

Colexio permanecerán pechadas durante ditos horarios. Os alumnos que non fagan uso do Comedor Escolar sairán do Colexio ás 14:15 h nos meses de xuño e setembro e ás 13:00h no resto dos meses. Para a sesión de tarde non poderán entrar no Colexio ata as 14:50h.

4.- Os alumnos non poderán saír do recinto escolar durante o período de Comedor Escolar sen autorización. Se os seus pais veñen a recollelo antes de que termine o horario do Comedor, será por causa xustificada, e seguindo o procedemento xeral establecido polo Colexio, e dicir, notificación previa por escrito, presentarse persoalmente a recollelo, traelo e asinar o documento existente para dito fin.

5.- Os alumnos que non asistan a clase non poderán facer uso do comedor. Se por algunha causa xustificada, un alumno non asiste ás clases da mañá, e si ás da tarde, se quere facer uso do comedor, avisará con antelación e deberá estar no Colexio antes das 12:30h.

6.- O menú será único para todos os comensais. Establécense as seguintes excepcións:

- Dietas brandas:

Para alumnos con problemas gastrointestinais transitorios, baixo indicacións médicas e avisando con antelación (antes das 10:30 h.).

- Alumnos alérxicos a alimentos ou que padezan algunha enfermidade ou trastorno que precise dunha alimentación específica:

Presentando un Certificado Médico, autorízase a ditos alumnos a utilizar o servizo de comedor, consumindo o menú establecido para todos os comensais, excepto nos compoñentes aos que son alérxicos, e nese caso tomarán menús adaptados.

Cada alumno disporá dunha bolsa de aseo con cremalleira na que depositará os útiles de cepillado e hixiene dos dentes.

Deberase avisar aos titores das incidencias importantes que afecten aos seus alumnos.

Todos os alumnos deben respectar as normas de funcionamento e convivencia do comedor .

ADMINISTRACIÓN DE MEDICAMENTOS:

- Calquera medicación que o neno/a deba tomar mentres se encontre no tempo do comedor, deberá ser entregado polos pais/nais aos cuidadores/as ou se lles fará chegar por medio dunha persoa adulta.
- O medicamento irá acompañado dunha nota escrita na que o pai/nai autoriza á responsable do comedor a administrar o medicamento ao seu fillo/a indicando de forma clara a dose e as tomas, eximindo ó responsable do comedor de calquera responsabilidade derivada da toma do mesmo.
- A nota escrita e asinada, irá acompañada dun xustificante médico.

Se un neno/a trae un medicamento, se lle requisará e se establecerá contacto coa nai/pai. Se non entrega a documentación solicitada, non se lle administrará a medicación.

NORMAS PARA AS FAMILIAS:

A tarefa de educar require a colaboración e sintonía de todos os axentes da educación dun neno/a: familia, escola e sociedade. Por iso, é imprescindible poder contar coa implicación das familias dos alumnos/as que fan uso do servizo de comedor, polo que se fai necesario que compartan as seguintes normas:

- Asumir el presente regulamento en todos os seus apartados.
- Orientar aos seus fillos/as sobre cómo teñen que comportarse no tempo do mediodía, tanto na hora da comida como nas actividades lúdicas de antes e despois.

IV NORMAS DE CONVIVENCIA NO COMEDOR

a) HIXIENE

Os alumnos deberán comer por si mesmos, facer uso dos servizos e lavarse as mans.

Todos os alumnos pasarán por os servizos para facer as súas necesidades e lavarse as mans antes de acudir ao Comedor. Durante a comida non poderán ir ao servizo a non ser por indisposición ou enfermidade, e sempre co permiso das cuidadoras.

Non poderán meter obxectos no Comedor (libros, carteiras, xoguetes...)

Non está permitida a entrada de alumnos á cociña.

Non se pode tirar pan, auga, ou restos de comida ao chan nin a outros alumnos.

Despois de comer, os alumnos acudirán ao servizo para o cepillado de dentes e lavarse as mans.

b) ORGANIZACIÓN E COMPORTEAMENTO

A entrada e saída do comedor farase por grupos, en fila, con orden, e tranquilidade, sen correr, e en silencio, baixo a supervisión dos coidadores.

Os alumnos sentarase nos lugares que se lles sinale.

Deberán respectar o material e utensilios, sendo responsable do seu deterioro.

Permanecerán correctamente sentados, sen xogar nin abanearse nas cadeiras e sen moverse do sitio. Para chamar aos coidadores deberán levantar a man.

Non está permitido falar con alumnos doutras mesas.

Os alumnos do Terceiro Ciclo colaborarán, dentro das súas posibilidades, no servizo de Comedor.

Os alumnos están obrigados a respectar ao persoal (Cociñeiras, Colaboradores...)

Cando acaben de comer, esperarán en silencio a que se lle indique o momento da saída.

c) ALIMENTACIÓN

Os alumnos deberán adaptarse ao menú establecido, comendo a cantidade que se lles sirva (segundo circunstancias, físico...)

En caso de non poder comer algún tipo de alimento deberán aportar un Certificado Médico que o acredite.

d) TEMPO LIBRE

- Non se permite a práctica de xogos perigosos.
- No caso de organizar actividades programadas, o alumno permanecerá no lugar sinalado, e non poderá abandonar a actividade sen o consentimento do Colaborador.
- Nos patios cubertos non está permitido xogar con balóns duros.
- Non está permitido xogar nos servizos.

- Durante o tempo de Comedor non está permitido subir ás aulas sen permiso.

V FALTAS E SANCIONES

1.- Faltas leves

a) Consideraranse faltas leves:

- 1.- Desobedecer as indicacións do Persoal de Cociña e Colaboradores.
- 2.- Non lavarse as mans e os dentes.
- 3.- Entrar e saír do Comedor sen orde.
- 4.- Entrar no Comedor con obxectos non permitidos.
- 5.- Cambiarse de sitio na mesma mesa.
- 6.- Non comer con corrección ou non facer uso adecuado dos utensilios.
- 7.- Estar mal sentados ou abanearse na cadeira.
- 8.- Facer ruído, gritar ou falar con alumnos doutras mesas.
- 9.- Calquera outra conduta que afecte levemente ao respecto, á integridade ou á saúde.

b) Sancións:

1. Amoestación verbal ao alumno.
- 2.- Realización de tarefas relacionadas coa falta cometida.
- 3.- Separación temporal do grupo de referencia.
- 4.- Perda temporal do dereito a participar en actividades de ocio.

Estas sancións poderán ser impostas polas colaboradoras

2.- Faltas graves

a) Considéranse faltas graves:

- 1.- Acumulación de tres faltas leves.
- 2.- Desobedecer gravemente as indicacións do Persoal de Cociña e Colaboradores.
- 3.- Cambiarse de sitio a outra mesa.
- 5.- Levantarse do sitio sen causa xustificada.

- 6.- Saír do Comedor sen permiso.
- 7.- Danar aposta ou por mal uso, o material propio do Comedor.
- 8.- Tirar intencionadamente comida ao chan ou aos compañeiros.
- 9.- Saír do Colexio sen permiso durante o horario do Comedor.
- 10.- Calquera outra conduta que afecte gravemente ao respecto, á integridade ou á saúde.

b) Sancións:

Calquera das contempladas como faltas leves, e tamén:

- 1.- Amoestación por escrito ao alumno. Comunicación aos pais.
- 2.- Comer illado dos compañeiros durante un tempo.
- 3.- Expulsión do Comedor durante un tempo.
- 4.- Expulsión definitiva do Comedor.

Estas sancións poderán ser impostas pola Dirección do Colexio.

Anexo IV: PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TICS

1. INTRODUCCIÓN

É indispensable unha inmersión no mundo das “novas tecnoloxías” se queremos que a escola comece a lle dar resposta ás necesidades que a sociedade demanda. Hoxe, o traballo cos ordenadores está tan estendido que non se poden dar as costas ao que xa é moeda común entre moitos dos nosos alumnos e forma unha parte rutinaria da maioría das persoas da nosa comunidade. Certamente, os ordenadores non van substituír aos mestres no seu labor, pero o mesmo que se introduciron outras innovacións tecnolóxicas no seu día, debemos abordar esta dende o punto de vista dunha ferramenta máis que pode axudar aos nosos alumnos e ás nosas alumnas cara á súa preparación para a vida cotiá.

Esta aproximación non pretende ser ambiciosa. Tratamos de familiarizar ao alumnado co traballo cos nosos equipos, e, tamén, ao profesorado.

Este programa pretende, inicialmente, a familiarización cos recursos que os procesadores de textos, o manexo de enciclopedias interactivas, certos programas de creación de actividades e o acceso a Internet poden ofertar nun centro escolar. O mundo da rede está controvertido e, non cabe dúbida, presenta certos perigos que tentamos minimizar, non baixo prohibicións, senón co coñecemento da oferta que hai e a forma de lle sacar o mellor proveito. Se ben é certo que presenta dificultades e se precisa un control rigoroso, non o é menos que é unha ferramenta utilísima na escola se se lle saca o partido que pode ter.

Hai que ter en conta que:

- > O profesorado debe ter un espírito innovador e unha vontade de mellorar a práctica docente cotiá.
- > É necesaria unha formación técnica e didáctica en relación con estas ferramentas TIC. O papel do Equipo Directivo neste sentido é determinante e o uso destes recursos esixe unha maior dedicación inicial para a preparación das sesións na aula .

Requisitos básicos para o profesorado:

- Coñecer o manexo dos equipos e ferramentas TIC.
- Manexo básico do sistema operativo.
- Manexo básico do procesador de textos e dun programa de presentación.

- Navegación por Internet e uso do correo electrónico.
- Manexo básico dos medios audiovisuais.

2. OBXECTIVOS

2.1. Xerais

- Iniciar a profesorado e alumnado nas novas tecnoloxías.
- Orientar e implicar ao profesorado e alumnado no uso de ferramentas e recursos TIC.
- Acceder de forma axeitada ás novas tecnoloxías da información.
- Utilizar de xeito coherente a rede no contexto escolar.
- Aplicar na práctica diaria da clase os recursos que oferta a rede e os ordenadores.
- Dotar paulatinamente as aulas con PDI.
- Colaborar cos distintos equipos do centro para a publicación de actividades na páxina web do centro.

2.2. Específicos

2.2.1. Para o profesorado

- Coñecer a oferta que proporciona a rede e os modos de atopar información.
- Coñecer o funcionamento do procesador de textos.
- Coñecer o programa de debuxo Paint.
- Coñecer programas para a creación de actividades.
- Aplicar na aula os coñecementos adquiridos.
- Utilizar o correo electrónico.

2.2.2. Para o alumnado

- Coñecer, en función da idade, o proceso a seguir para acceder a un ordenador.
- Coñecer as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Adquirir un coñecemento sinxelo: procesador de textos, programa de debuxo, Open office....
- Introducir ao alumnado na WorldWideWeb.
- Lograr o coñecemento suficiente dun navegador.
- Ser quen de seleccionar (segundo a idade) a información relevante.
- Manexar o buscador.

3. COMPETENCIAS CLAVE

(Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, da E.S.O. e o Bacharelato).

As CC.CC. a traballar a través das TICs son as seguintes:

- Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia Dixital.
- Competencia de Aprender a aprender.

4. CONTIDOS

4.1. Para o profesorado

- Coñecemento e manexo do Sistema operativo Windows a nivel de usuario.
- Arquivos e cartafóis. Procesos para o manexo da información.
- O procesador de textos. Manexo e operacións básicas.
- Introducción a Internet.
- Os buscadores: Google
- Introducción ao correo electrónico. Enviar e recibir correo. Achegar arquivos.

4.2. Para o alumnado

4.2.1. Educación Infantil

- Manexo do rato: clic e dobre-clic
- Escritura de vogais e palabras sinxelas
- Debuxar figuras e colocar cores con programa Paint

4.2.2. Primeiro Ciclo

- Manexo do rato.
- Introducción ao teclado.
- Escribir co ordenador.
- Xogos en internet
- Busca en páxinas dirixidas: zoos, acuarios, páxinas de natureza, etc...

4.2.3. Segundo Ciclo (Ademáis das anteriores):

- Inicio do procesador OpenOffice: tamaños de letra, tipos, tiles, xustificación, etc..
- Inicio do programa Paint: figuras xeométricas, debuxo de figuras, coloreado, etc.

4.2.4. Terceiro Ciclo

- Procesador de textos OpenOffice.
- Gardar e recuperar arquivos
- Internet. O navegador.
- Inicio da utilización dos buscadores.
- Introducción ao correo electrónico.

5. METODOLOXÍA

A propia secuencia de contidos xa a indica. Incidir especialmente nestes aspectos. Secuencia de contidos de fácil asimilación.

Control da información por parte do profesorado.

Intercambio de información entre os alumnos, especialmente os do terceiro ciclo, entre eles e con outros colexios a través do correo electrónico.

6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

6.1. Do profesorado

- Ter un dominio suficiente dos contidos do curso que serán transmitidos aos alumnos.
- Ser quen de utilizar os recursos da rede dunha forma coherente coa programación de aula.
- Inserción do programa axeitado na programación anual.

6.2. Do alumnado (segundo idades)

- Ser quen de manexar dunha forma sinxela o procesador de textos, WordPad o programa Paint e outros de traballo con imaxes.
- Acceder a internet cun criterio axeitado de busca de información.
- Manexo axeitado dos buscadores.

6.3. Do programa

- Grao de satisfacción do profesorado e alumnado cos obxectivos propostos.

- Grao de consecución dos obxectivos.
- Adecuación á temporalidade prevista.
- Previsión de incidencias e modificacións no programa.

7. PAXINAS RECOMENDADAS

As páxinas web que se citan a continuación son páxinas comprobadas e das que non hai dúbida da súa correcta utilización no contexto escolar. Sen embargo, coñecendo algunha das características da rede, convén consultalas antes de levar ao alumnado a elas, xa que ás veces se utilizan enlaces dentro doutras páxinas de forma incorrecta.

O criterio eficaz sería consultalas antes de levar aos alumnos, ver todos os posibles enlaces que teñan para así ter completa seguridade sobre o seu contido. Hai que ter en conta que ás veces aparecen dun día para outro enlaces que os construtores da páxina non meteron dentro dela e outras empresas poden utilizalos para os seus fins. Por iso convén extremar o coidado.

A descrición destas páxinas é exigua, xa que se trata tan só dunha indicación onde poder buscar inicialmente eses recursos.

A práctica e a busca do profesorado fará unha base de datos máis ampla e efectiva.

Páxinas web recomendadas:

1. [http:// kids.niehs.nih.gov/](http://kids.niehs.nih.gov/)
Instituto Nacional de Ciencias da Saúde Ambiental Páxina para Nenos
2. <http://www.rediris.es/list/info/paidos-nee.html>
Recursos para alumnos con n.e.e.
3. <http://www.aprendejugando.com/>
Páxina moi completa que dispón de chat para nenos de distintas idades.
4. http://www.cyberpadres.com/club_amigos/cuentos/enlaces_index.htm
Dispón de moitos enlaces a páxinas infantís
5. <http://www.interdidactica.com>
Páxina con xogos, tradutores, cursos, música...
6. <http://spaceplace.nasa.gov/sp/>
Páxina da NASA para nenos.
7. www.digalego.com

Dicionario en galego

8. <http://galiciae.com/>

Páxina de información xeral.

9. www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=node/194

Páxina das bibliotecas escolares

10. <http://poemasparapeques.blogspot.com>

Páxina con poemas de autores galegos Outras páxinas de información xeral

11. www.turgalicia.es

12. www.museodomar.com/gl

13. www.casaciencias.org/

Anexo V: PROGRAMAS E PLANS ANUAIS DE LECTURA

O proxecto lector do centro vai nun documento aparte e específico para el. O que si se adxunta dentro da PXA son as liñas prioritarias de actuación na Biblioteca Escolar para o presente curso escolar 16/17.

1. En relación á organización e xestión

- Intentar que a comunidade educativa faga uso do espazo da biblioteca e dos fondos que nel existen no maior número de ocasións posibles.
- Adquirir novos fondos documentais relacionados co proxecto que se vai levar a cabo este curso : “O CIRCO”.
- Creación dun grupo de biblioteca que traballe unido durante todo o curso.
- Darlle unha maior publicidade a nosa biblioteca na páxina web do centro.

2. En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado

- Continuar na liña das actividades de dinamización realizadas nos cursos anteriores (cine, concertos, animacións á lectura, Letras Galegas, Samaín, Nadal, Entroido, ...).
- Seguir forxando a relación coa Biblioteca Municipal, coa ANPA, coa Fundación Eduardo Pondal,...
- Adquisición de fondos relacionados con todas as materias e todos os aspectos do currículo.

3. En relación coa formación de usuarios e educación para o acceso á información (competencia para o tratamento da información e competencia dixital)

- Aumentar e consolidar as actividades de Formación de Usuarios.
- Desenvolvemento dun maior número de actividades de Educación Documental (ALFIN).

- Elaboración de exposicións e guías de lectura tanto do fondo documental existente coma de creación propias.

4. En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector de centro

En canto ao fomento da lectura:

- Desenvolver o maior número de actividades de fomento da lectura que se poida: elaboracións de mais guías de lectura temáticas e periódicas.
- Celebrar aqueles días relacionados cos diferentes xéneros literarios dándolle publicidade aos fondos da biblioteca relacionados.
- Difusión das producións propias do alumnado nos distintos xéneros literarios.

En canto ao Proxecto Lector:

- Avaliación do Proxecto Lector realizando a posteriori as modificacións necesarias.
- Avaliación da cohesión entre o Proxecto Lector e este Proxecto da biblioteca.
- Relación máxima entre a Hora de ler (descrita no Proxecto Lector) e o Proxecto proposto pola Biblioteca.

5. Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se van utilizar

- Elaboración de enquisas dirixidas aos diferentes membros da comunidade educativa para avaliar o grao de satisfacción, eficacia, participación,... sobre a biblioteca e as súas actividades.
- Estatísticas xeradas a partir do programa Meiga que verifiquen o grao de uso da Biblioteca Escolar en todos os seus ámbitos.

6. Persoa designada como responsable da Biblioteca Escolar. Equipo de Apoio. Horario previsto

Responsable da biblioteca: Meibel Collazo Amado

Equipo: Beatriz Méndez García
José M^a Haz Pardo
Silvia de la Iglesia Martín
Tatiana Vázquez Sánchez
Ana M^a Rey Torrente

A responsable da biblioteca conta cunha sesión dentro do seu horario para a realización dos traballos pertinentes. Os membros do equipo botan unha man nos recreos para o préstamo e apertura do espazo da biblioteca. As reunións do equipo terán lugar pola tarde dentro das horas que o Claustro dedica ás diferentes dinamizacións que se establecen no centro (concretamente martes e venres).

7. Actividades concretas que propoñemos ao Claustro para acadar os obxectivos marcados nos puntos anteriores

- PRÉSTAMO LIBROS: realizarase nos recreos de xeito voluntario para o alumnado e vixiado por un dos membros do equipo da biblioteca. O alumnado do centro que o desexe pode colaborar co mestre durante estes tempos de lecer na realización do préstamo, decoración da biblioteca, organización do espazo, ... O alumnado de menor idade do centro (Educación Infantil e 1º de Primaria) realizarán o préstamo nunha hora de titoría acompañados da súa titora.

- MOCHILAS VIAXEIRAS: unha por aula circulará de man en man viaxando ás casas durante un período dunha semana por fogar. Cando remate o ciclo volverá á biblioteca para ser renovados os documentos que nela se inclúan e así poñerse en marcha de novo.

- PRÉSTAMO EBOOKS: aquel alumnado que queira facer uso dos dispositivos de lectura electrónica terá que levar a casa un contrato que firmado polos seus titores legais lle permitirá gozar da lectura deste xeito.

- EXPOSICIÓN FONDOS TEMÁTICA “O CIRCO”: coma todos os anos será colocada nos mobles que hai para tal fin no corredor de acceso á biblioteca.

- TRÍPTICO PARA NADAL: co lema “UN LIBRO É UN BO AGASALLO”, faremos unha pequena guía para orientar ás familias.

- DÍA DO LIBRO: baixo o lema “CALQUERA SITIO É BO PARA SOÑAR”, durante toda a semana na que coincida o día desta celebración baixaremos ao patio caixas cun fondo variado para que o alumnado de xeito voluntario faga uso del.

- COMPENDIO DE LIBROS ADAPTADO A CADA CELEBRACIÓN: o equipo de biblioteca porá á disposición dos mestres e mestras do colexio os fondos existentes relacionados con cada celebración que se organice. Por exemplo: contos de medo para o Samaín, historias para o Nadal, libros para as manualidades do Entroido, ...

- LETRAS GALEGAS: compra dos documentos que se consideren oportunos e sexan solicitados por calquera membro do Claustro relacionados co autor ao que se lle adican no 2017 as Letras Galegas, Carlos Casares.